

Metodoloxía

Análise estratéxica:

6. A verificación basearase nunha análise estratéxica de todas as actividades levadas a cabo na instalación, polo que o verificador deberá ter unha visión xeral de todas as actividades e da súa importancia para as emisións.

Análise de procesos:

7. A verificación da información presentada levarase a cabo, cando proceda, no lugar da instalación. O verificador recorrerá a inspeccións in situ para determinar a fiabilidade dos datos e a información notificados.

Análise de riscos:

8. O verificador someterá todas as fontes de emisións da instalación a unha avaliación en relación coa fiabilidade dos datos de todas as fontes que contribúan ás emisións globais da instalación.

9. Partindo desta análise, o verificador determinará explicitamente as fontes que presenten un alto risco de erros e outros aspectos do procedemento de seguimento e notificación que puidesen contribuír a erros na determinación das emisións globais, o que implica en especial a elección dos factores de emisión e dos cálculos necesarios para determinar as emisións de fontes illadas. Atenderase sobre todo ás fontes que presenten un alto risco de erro e aos aspectos mencionados máis arriba do procedemento de seguimento.

10. O verificador tomará en consideración calquera método de control efectivo de riscos aplicado polo titular con obxecto de reducir ao máximo o grao de incerteza.

Elaboración de informes:

11. O verificador elaborará un informe sobre o proceso de validación no cal constará se é satisfactoria a notificación realizada de conformidade co artigo 22. O dito informe indicará todos os aspectos pertinentes para o traballo efectuado. Poderá facerse unha declaración que indique que é satisfactoria a notificación realizada de conformidade co artigo 22 se, en opinión do verificador, a declaración das emisións totais non presenta erros.

Requisitos mínimos de competencia do verificador:

12. O verificador será independente do titular, levará a cabo as súas actividades de maneira profesional, competente e obxectiva e estará ao tanto:

a) Das disposicións deste real decreto lei, así como, se é o caso, das normas e directrices pertinentes adoptadas pola Comisión Europea e a normativa de desenvolvemento.

b) Dos requisitos legais, regulamentarios e administrativos aplicables ás actividades verificadas.

c) Da xeración de toda a información relacionada con cada fonte de emisións da instalación, en especial a relativa á recollida, medición, cálculo e notificación dos datos.

MINISTERIO DE XUSTIZA

15601 *REAL DECRETO 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.* («BOE» 209, do 30-8-2004).

A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, no número 24 da súa

exposición de motivos, prevé unha regulación máis extensa dalgúns dos seus aspectos no regulamento que no seu día se dite no seu desenvolvemento. Así mesmo, en diferentes artigos da lei orgánica hai chamamentos concretos ao desenvolvemento regulamentario para establecer: a periodicidade con que se lles remitirán ao xuíz de menores e ao Ministerio Fiscal os informes sobre a execución da medida e as súas incidencias, e sobre a evolución persoal dos menores sometidos a elas; os permisos ordinarios e extraordinarios de que poderá desfrutar o menor internado; os requisitos para trasladar o menor de centro fóra da comunidade autónoma; o dereito do menor a se comunicar libremente cos seus pais e familiares, e a desfrutar de saídas e permisos; o dereito das menores internadas a ter na súa compañía os seus fillos menores de tres anos; a forma e a periodicidade das actuacións de vixilancia e seguridade nos centros; os medios de contención para evitar actos de violencia, impedir actos de fuga e danos nas instalacións, ou ante a resistencia ás instrucións do persoal do centro, e o réxime disciplinario dos centros para a execución das medidas privativas de liberdade.

A vista desta previsións, elaborouse un regulamento que, conforme o seu artigo 1, pretende abordar un desenvolvemento parcial da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, no relativo a tres materias concretas: a actuación da policía xudicial e do equipo técnico, a execución das medidas cautelares e definitivas e o réxime disciplinario dos centros.

O capítulo II, rubricado «Da actuación da policía xudicial e do equipo técnico», regula en termos xerais a intervención de ambos os dous colectivos. Os artigos 2 e 3 dedícanse á actuación da policía xudicial, dependente funcionalmente do Ministerio Fiscal e do xuíz de menores, prestando especial atención ao modo de levar a cabo a detención do menor. O artigo 4 refírese á actuación do equipo técnico, integrado por psicólogos, educadores e traballadores sociais, e responsables de lle prestar asistencia ao menor desde o momento da súa detención, de asistir tecnicamente os xuíces de menores e o Ministerio Fiscal e de intervir activamente na mediación entre o menor e a vítima ou prexudicado, función amplamente desenvolvida polo artigo 5 do regulamento.

O capítulo III («Das regras para a execución das medidas») divídese en tres seccións: a primeira, destinada a regular as regras comúns; a segunda, a algunhas medidas non privativas de liberdade, e a terceira, ás medidas privativas de liberdade.

As denominadas regras comúns comprenden o establecemento dos principios que deben inspirar a execución das medidas e os dereitos dos menores, con expresa mención no último aos tratados internacionais ratificados por España (artigos 6 e 7) e a delimitación da competencia das administracións públicas para a execución das medidas (artigos 8 a 11). Pero tamén regula o expediente persoal do menor, único na comunidade autónoma que execute a medida, de carácter reservado e sometido á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (artigo 12), así como os chamados «informes de seguimento» que a entidade pública competente deberá remitir ao xuíz de menores e ao Ministerio Fiscal (artigo 13). Seguidamente, regula a actuación da entidade pública nos casos de incumprimento das medidas de internamento e de permanencia de fin de semana no centro ou no domicilio e outras medidas non privativas de liberdade. A sección conclúe cun precepto que regula os casos en que o menor desexe conciliarse coa vítima ou reparar o dano causado. Nestes casos, encoméndanselle á entidade pública as funcións de mediación.

A sección 2. do capítulo III establece regras específicas para a execución de determinadas medidas non privativas de liberdade, en desenvolvemento do artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, comprendendo a regulación das medidas de tratamento ambulatorio, asistencia a un centro de día, liberdade vixiada, convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, prestacións en beneficio da comunidade e realización de tarefas socioeducativas. É nota

común a todas elas a elaboración dun programa individualizado de execución.

A sección 3. é a máis extensa e heteroxénea do regulamento e, baixo a rúbrica «Regras específicas para a execución das medidas privativas de liberdade», regula tanto as medidas como os trámites para o ingreso, a asistencia do menor, o seu réxime de comunicación, etc. Atendendo ao seu contido, os 36 artigos que integran esta sección pódense estruturar nas seguintes epígrafes: disposicións relativas aos réximes de internamento (artigos 23 a 29, 34 e 53), disposicións relativas ao funcionamento dos centros (artigos 30, 33, 35 e 53 a 58), disposicións relativas ao ingreso e á liberdade do menor (artigos 31, 32, 34 e 36), disposicións relativas á asistencia do menor (artigos 37, 38 e 39), disposicións relativas ás comunicacións (artigos 40 a 44) e disposicións relativas ás saídas e permisos (artigos 45 a 52).

O capítulo IV («Do réxime disciplinario dos centros») dá cumprimento ao terceiro obxectivo que apunta o artigo 1 do regulamento, inspirándose no título X do Regulamento penitenciario, aprobado polo Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro. Aínda que non se divide en seccións, o seu contido permite apreciar un bloque de temática homoxénea: os artigos 59 e 60 regulan, respectivamente, o fundamento e o ámbito de aplicación e os principios da potestade disciplinaria; os artigos 61 a 64 regulan as faltas disciplinarias clasificándolas en moi graves, graves e leves, «atendendo á violencia desenvolvida polo suxeito, á súa intencionalidade, á importancia do resultado e ao número de persoas ofendidas»; os artigos 65 a 69 regulan as sancións con carácter xeral e taxativo; os artigos 70 a 80 regulan os procedementos para a imposición de sancións; finalmente, os artigos 81 a 85 conteñen regras especiais sobre as sancións (execución e cumprimento, redución, suspensión e anulación, extinción e prescrición) e sobre incentivos ou recompensas dun modo similar ao artigo 263 do Regulamento penitenciario.

Este regulamento foi sometido ao preceptivo informe da Axencia Española de Protección de Datos, da Fiscalía Xeral do Estado e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2004,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.*

Apróbase o regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxo texto se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Avaliación de resultados.*

Transcorrido un ano desde a entrada en vigor do regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, o Goberno procederá a avaliar os resultados da súa aplicación, consultando para iso ás comunidades autónomas, ao Consello Xeral do Poder Xudicial e ao fiscal xeral do Estado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos seis meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 30 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

REGULAMENTO DA LEI ORGÁNICA 5/2000, DO 12 DE XANEIRO, REGULADORA DA RESPONSABILIDADE PENAL DOS MENORES

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este regulamento ten por obxecto o desenvolvemento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, no referente á actuación do equipo técnico e da policía xudicial, á execución das medidas cautelares e definitivas adoptadas de conformidade con aquela e ao réxime disciplinario dos centros para a execución das medidas privativas de liberdade, sen prexuízo das normas que en aplicación do disposto no artigo 45.1 e a disposición derradeira sétima da citada lei orgánica establezan as comunidades autónomas e as Cidades de Ceuta e Melilla, no ámbito das súas competencias.

2. Para o efecto de designar as persoas a que se aplica este regulamento, no seu articulado utilízase o termo menores para referirse ás persoas que non cumpriron 18 anos, sen prexuízo do previsto nos artigos 4 e 15 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, cando sexa aplicable.

CAPÍTULO II

Da actuación da policía xudicial e do equipo técnico

Artigo 2. *Actuación da policía xudicial.*

1. A policía xudicial actúa na investigación dos feitos cometidos por menores que puidesen ser constitutivos de delitos ou faltas, baixo a dirección do Ministerio Fiscal.

2. A actuación da policía xudicial aterase ás ordes do Ministerio Fiscal e suxeitarase ao establecido na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e na Lei de axuízamento criminal.

Salvo a detención, toda dilixencia policial restritiva de dereitos fundamentais será solicitada ao Ministerio Fiscal para que, polo seu conduto, se realice a oportuna solicitude ao xuíz de menores competente.

3. Os rexistros policiais onde consten a identidade e outros datos que afecten a intimidade dos menores serán de carácter estritamente confidencial e non poderán ser consultados por terceiros. Só terán acceso aos ditos arquivos as persoas que participen directamente na investigación dun caso en trámite ou aquelas persoas que, no exercicio das súas respectivas competencias, autoricen expresamente o xuíz de menores ou o Ministerio Fiscal, todo isto sen prexuízo das disposicións que, en materia de regulación de ficheiros e rexistros automatizados, diten as comunidades autónomas de acordo coas súas respectivas competencias.

4. Para tal efecto, cando, de conformidade co artigo 17 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, se proceda á detención dun menor, poderase proceder a tomar referencia das súas impresións dactilares, así como fotografías do seu rostro, que se remitirán, como parte do atestado policial, ao Ministerio Fiscal para a instrución do expediente, e constarán na base de datos de identificación persoal.

5. O cacheo e aseguramento físico dos menores detidos levarase a cabo nos casos en que sexa estritamente necesario e como medida proporcional de seguridade para o propio menor detido e os funcionarios

actuantes, cando non sexa posible outro medio de contención física do menor.

6. Ademais do anterior, existirá un rexistro ou arquivo central onde, de modo específico para menores, se incorporará a información relativa aos datos destes resultantes da investigación. Tal rexistro ou arquivo só poderá facilitar información a requirimento do Ministerio Fiscal ou do xuíz de menores.

Tanto os rexistros policiais como o rexistro central a que se refire esta epígrafe estarán sometidos ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Cando o Ministerio Fiscal ou o xuíz de menores, no exercicio das súas competencias atribuídas pola Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, desexen consultar datos relativos á identidade ou idade dun menor, requirirán do mencionado rexistro ou arquivo central que se comparen os datos que figuran no seu poder cos que existan nese rexistro, a fin de acreditar a identidade ou outros datos do menor expedientado. Con tal fin, dirixirán comunicación, directamente ou a través do Grupo de Menores ou outras unidades similares, ao mencionado rexistro, que facilitará os datos e emitirá un informe sobre os extremos requiridos.

8. Os rexistros de menores a que se refire este artigo non poderán ser utilizados en procesos de adultos relativos a casos subsequentes nos cales estea implicada a mesma persoa.

9. Cando a policía xudicial investigue unha persoa como presunto autor dunha infracción penal de cuxa minoría de idade se dubide e non consten datos que permitan a súa determinación, porase á disposición da autoridade xudicial da xurisdición ordinaria para que proceda a determinar a identidade e mais a idade do presunto delinciente polas regras da Lei de axuizamento criminal. Unha vez acreditada a idade, se esta for inferior aos 18 anos, procederase conforme o previsto na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

10. Cando para a identificación dun menor haxa que acudir á dilixencia de recoñecemento prevista no artigo 369 da Lei de axuizamento criminal, esta dilixencia só se poderá levar a cabo con orde ou autorización do Ministerio Fiscal ou do xuíz de menores segundo as súas propias competencias.

Para a práctica da dilixencia de recoñecemento, utilizaranse os medios que resulten menos daniños para a integridade do menor, debendo levarse a cabo nas dependencias dos Grupos de Menores ou nas sedes do Ministerio Fiscal ou autoridade xudicial competente. A rolda deberá estar composta por outras persoas, menores ou non, conforme os requisitos da Lei de axuizamento criminal.

Cando a rolda estea composta por outros menores de idade, deberase contar coa súa autorización e coa dos seus representantes legais ou gardadores de feito ou de dereito, a salvo o suposto dos maiores de 16 anos non emancipados e dos menores emancipados en que sexa de aplicación o disposto para as limitacións á declaración de vontade dos menores no artigo 2 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor.

Artigo 3. *Modo de levar a cabo a detención do menor.*

1. As autoridades e funcionarios que interveñan na detención dun menor deberana practicar na forma que menos o prexudique, e estarán obrigados a informal, nunha linguaxe clara e comprensible e de forma inmediata, dos feitos que se lle imputan, das razóns da súa detención e dos dereitos que o asisten, especialmente os recoñecidos no artigo 520 da Lei de axuizamento criminal, así como a garantir o respecto de tales dereitos.

Tamén lles deberán notificar inmediatamente o feito da detención e o lugar da custodia aos representantes legais do menor e ao Ministerio Fiscal. Se o menor detido fose estranxeiro, o feito da detención notificaráselles ás correspondentes autoridades consulares cando o menor tivese a súa residencia habitual fóra de España ou cando así o solicitasen o propio menor ou os seus representantes legais.

2. Toda declaración do detido se levará a cabo en presenza do seu letrado e daqueles que exerzan a patria potestade, tutela ou garda do menor, de feito ou de dereito, salvo que, neste último caso, as circunstancias aconsellen o contrario. En defecto destes últimos, a declaración levarase a cabo en presenza do Ministerio Fiscal, representado por un fiscal distinto do instrutor do expediente.

3. Mentres dure a detención os menores deberán estar custodiados en dependencias adecuadas conforme establece a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

A custodia dos menores detidos a que se refire o parágrafo anterior corresponderalles ás forzas e corpos de seguridade competentes ata que o fiscal resolva sobre a liberdade do menor, a desistencia ou a incoación do expediente, con posta á disposición do xuíz a que se refire o artigo 17.5 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. O fiscal resolverá no menor espazo de tempo posible e, en todo caso, dentro das 48 horas seguintes á detención.

4. Durante a detención debe garantirse que todo menor dispoña de alimentación, vestimenta e condicións de intimidade, seguridade e sanidade adecuadas.

5. Nos establecementos de detención deberase levar un libro rexistro, de carácter confidencial, que polo menos deberá contar coa seguinte información:

- a) Datos relativos á identidade do menor.
- b) Circunstancias da detención, motivos e, se é o caso, autoridade que a ordenou.
- c) Día e hora do ingreso, traslado ou liberdade.
- d) Indicación da persoa ou persoas que custodian o menor.
- e) Detalle da notificación aos pais ou representantes legais do menor e ao Ministerio Fiscal da detención do menor.
- f) Expresión das circunstancias psicofísicas do menor.
- g) Constatación de que foi informado das circunstancias da detención e dos seus dereitos.

Os datos do dito rexistro estarán exclusivamente á disposición do Ministerio Fiscal e da autoridade xudicial competente.

Este libro rexistro será único para todo o concernente á detención do menor, e non se consignará ningún dos seus datos en ningún outro libro da dependencia.

Artigo 4. *Actuación do equipo técnico.*

1. Os equipos técnicos estarán formados por psicólogos, educadores e traballadores sociais cuxa función é asistir tecnicamente nas materias propias das súas disciplinas profesionais os xuíces de menores e o Ministerio Fiscal, elaborando os informes, efectuando as propostas, sendo oídos nos supostos e na forma establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e, en xeral, desempeñando as funcións que teñan legalmente atribuídas.

Do mesmo modo, prestaránlle asistencia profesional ao menor desde o momento da súa detención e realizarán funcións de mediación entre o menor e a vítima ou prexudicado.

Poderanse tamén incorporar de modo temporal ou permanente aos equipos técnicos outros profesionais

relacionados coas funcións que teñen atribuídas, cando as necesidades formuladas o requiran e así o acorde o órgano competente.

2. Os profesionais integrantes dos equipos técnicos dependerán organicamente do Ministerio de Xustiza ou das comunidades autónomas con competencias asumidas e estarán adscritos aos xulgados de menores. Durante a instrución do expediente, desempeñarán as funcións establecidas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, baixo a dependencia funcional do Ministerio Fiscal e do xuíz de menores cando o ordene.

Non obstante o anterior, no exercicio da súa actividade técnica actuarán con independencia e con suxeición a criterios estritamente profesionais.

3. En todo caso, a Administración competente garantizará que o equipo técnico realice as súas funcións nos termos que exixan as necesidades do servizo, adoptando as medidas oportunas para o efecto.

4. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas con competencias asumidas nos seus respectivos ámbitos determinarán o número de equipos técnicos necesarios, a súa composición e o cadro de persoal de conformidade coas necesidades que presenten os xulgados de menores e fiscalías garantindo que cada fiscal instrutor conte cos medios persoais adecuados e suficientes para a emisión dos informes determinados pola lei e nos prazos establecidos.

5. Os informes serán asinados polos profesionais do equipo técnico que interveñan en cada caso. A representación do equipo teraa aquel que sexa designado polo Ministerio Fiscal ou o xuíz de menores na actuación concreta de que se trate.

Artigo 5. *Modo de levar a cabo as solucións extraxudiciais.*

1. No suposto previsto no artigo 19 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, procederase do seguinte modo:

a) Se o Ministerio Fiscal, á vista das circunstancias concorrentes ou por instancia do letrado do menor, apreciase a posibilidade de desistir da continuación do expediente, solicitará do equipo técnico informe sobre a conveniencia de adoptar a solución extraxudicial máis adecuada ao interese do menor e ao da vítima.

b) Recibida a solicitude polo equipo técnico, citarás á súa presenza o menor, os seus representantes legais e o seu letrado defensor.

c) O equipo técnico exporalle ao menor a posibilidade de solución extraxudicial prevista no artigo 19 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, e oírás os seus representantes legais. Se, con audiencia do seu letrado, o menor aceptase algunha das solucións que o equipo lle propón, a ser posible no mesmo acto, solicitarase a conformidade dos seus representantes legais.

Se o menor ou os seus representantes legais manifestasen a súa negativa a aceptar unha solución extraxudicial, o equipo técnico comunicarallo ao Ministerio Fiscal e iniciará a elaboración do informe a que alude o artigo 27 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

d) O equipo técnico porase en contacto coa vítima para que manifeste a súa conformidade ou desconformidade a participar nun procedemento de mediación, xa sexa a través de comparecencia persoal perante o equipo técnico, xa sexa por calquera outro medio que permita deixar constancia.

Se a vítima fose menor de idade ou incapaz, este consentimento deberá ser confirmado polos seus representantes legais e ser posto en coñecemento do xuíz de menores competente.

e) Se a vítima se mostrase conforme a participar na mediación, o equipo técnico citará a ambos a un encontro para concretar os acordos de conciliación ou reparación. Non obstante, a conciliación e a reparación tamén se poderán levar a cabo sen encontro, a pedimento da vítima, por calquera outro medio que permita deixar constancia dos acordos.

f) Non sendo posible a conciliación ou a reparación directa ou social, ou cando o equipo técnico o considere máis adecuado ao interese do menor, proporalle a este a realización de tarefas socioeducativas ou a prestación de servizos en beneficio da comunidade.

g) O equipo técnico porá en coñecemento do Ministerio Fiscal o resultado do proceso de mediación, os acordos alcanzados polas partes e o seu grao de cumprimento ou, se é o caso, os motivos polos cales non se puideron levar a cabo os compromisos alcanzados polas partes, para efectos do disposto no artigo 19.4 e 5 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. Se, conforme o previsto no artigo 27.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, o equipo técnico considera conveniente que o menor efectúe unha actividade reparadora ou de conciliación coa vítima, informará de tal extremo o Ministerio Fiscal e o letrado do menor. Se este apreciase a posibilidade de desistir da continuación do expediente, solicitará do equipo técnico informe sobre a solución extraxudicial máis adecuada e seguiranse os trámites previstos no punto anterior.

3. O disposto neste artigo poderá ser aplicable ao procedemento de mediación previsto no artigo 51.2 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, sen prexuízo da competencia da entidade pública e do disposto no artigo 15 deste regulamento. As referencias ao equipo técnico feitas neste artigo entenderanse efectuadas á entidade pública cando, de conformidade co establecido no artigo 8.7 deste regulamento, esta entidade realice as funcións de mediación.

CAPÍTULO III

Das regras para a execución das medidas

SECCIÓN 1.^a REGRAS COMÚNS PARA A EXECUCIÓN DAS MEDIDAS

Artigo 6. *Principios inspiradores da execución das medidas.*

Os profesionais, organismos e institucións que interveñan na execución das medidas axustarán a súa actuación cos menores aos principios seguintes:

a) O superior interese do menor de idade sobre calquera outro interese concorrente.

b) O respecto ao libre desenvolvemento da personalidade do menor.

c) A información dos dereitos que lles corresponden en cada momento e a asistencia necesaria para os poderen exercer.

d) A aplicación de programas fundamentalmente educativos que fomenten o sentido da responsabilidade e o respecto polos dereitos e liberdades dos outros.

e) A adecuación das actuacións á idade, á personalidade e ás circunstancias persoais e sociais dos menores.

f) A prioridade das actuacións no propio contorno familiar e social, sempre que non sexa prexudicial para o interese do menor. Así mesmo, na execución das medidas utilizaranse preferentemente os recursos normalizados do ámbito comunitario.

g) O fomento da colaboración dos pais, tutores ou representantes legais durante a execución das medidas.

h) O carácter preferentemente interdisciplinario na toma de decisións que afecten ou poidan afectar a persoa.

i) A confidencialidade, a reserva oportuna e a ausencia de inxerencias innecesarias na vida privada dos menores ou na das súas familias, nas actuacións que se realicen.

j) A coordinación de actuacións e a colaboración cos demais organismos da propia ou de diferente Administración, que interveñan con menores e mozos, especialmente cos que teñan competencias en materia de educación e sanidade.

Artigo 7. *Dereitos dos menores durante a execución das medidas.*

Os menores e os mozos gozarán durante a execución das medidas dos dereitos e liberdades que a todos recoñecen a Constitución, os tratados internacionais ratificados por España e o resto do ordenamento xurídico vixente, coa excepción dos que se encontren expresamente limitados pola lei, o contido da sentenza condenatoria ou o sentido da medida imposta.

Artigo 8. *Competencia funcional.*

1. Correspóndelles ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, mediante as entidades públicas que estas designen de acordo coa disposición derradeira vixésimo segunda da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor:

a) A execución das medidas cautelares adoptadas de conformidade co artigo 28 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

b) A execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas firmes, previstas nas alíneas a) a k) do artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

c) A execución do réxime de liberdade vixiada e da actividade socioeducativa a que alude o artigo 40.2.c) da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

Estas entidades públicas levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas adecuados para garantir a correcta execución das medidas, sen prexuízo dos convenios e acordos de colaboración que poidan establecer de conformidade co artigo 45.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. Correspóndelle ao Estado, nos establecementos e co control do persoal especializado que poña á disposición da Audiencia Nacional, a execución da detención preventiva, das medidas cautelares de internamento e das medidas adoptadas en sentenza firme que, de conformidade coa disposición adicional cuarta da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, acorden o Xulgado Central de Menores ou a sala correspondente da Audiencia Nacional, sen prexuízo dos convenios que, se é o caso, poida establecer para esa finalidade coas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.

3. Correspóndelles ás institucións públicas que no respectivo territorio teñan encomendada a execución das medidas penais a que alude o artigo 105.1 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, a execución da medida de liberdade vixiada imposta de conformidade coa regra 5. do artigo 9 e, se é o caso, co número

2.c) da disposición adicional cuarta da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

4. As medidas de privación do permiso de conducir ciclomotores ou vehículos de motor, ou do dereito a obtelo, ou das licenzas administrativas para caza ou para calquera tipo de armas e a inhabilitación absoluta, previstas nas alíneas m) e n) do artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, se non fosen executadas directamente polo xuíz de menores, serán executadas polos órganos administrativos competentes por razón da materia.

5. Se en virtude do disposto no artigo 15 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, se ordena o cumprimento da medida de internamento do menor nun centro penitenciario, a competencia para a execución desta será da Administración penitenciaria, sen prexuízo das facultades propias do xuíz de menores competente. Esta competencia será extensiva á execución das medidas pendentes de cumprimento do artigo 7.1.e) a k) da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, unha vez finalizado o internamento.

6. Cando, de conformidade coa Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, o xuíz de menores ou o Ministerio Fiscal remitan á entidade pública de protección de menores testemuño de particulares sobre un menor de 14 anos, será esta entidade a competente para valorar a situación e decidir se se ten que adoptar algunha medida, conforme as normas do Código civil e a lexislación de protección de menores.

7. Sen prexuízo das funcións de mediación atribuídas no artigo 19.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, aos equipos técnicos correspondentes, tamén as entidades públicas poderán pór á disposición do Ministerio Fiscal e dos xulgados de menores, se é o caso, os programas necesarios para realizar as funcións de mediación a que alude o citado artigo.

Artigo 9. *Punto de conexión para determinar a Administración competente na execución das medidas.*

1. Para a execución das medidas previstas no número 1 do artigo anterior, serán competentes as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla onde estea situado o xulgado de menores que as acordase.

No caso de que a entidade pública designase un centro de internamento para a execución situado fóra da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, e neste regulamento, será a comunidade autónoma a que pertenza o dito centro a competente para a execución da medida, nos termos previstos no artigo 46.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. Se a aprobación xudicial prevista no artigo 46.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, se adopta unha vez iniciada a execución da medida, deixará de ser competente a comunidade autónoma respectiva desde o momento do traslado efectivo do menor ao novo centro ou desde a notificación xudicial á comunidade autónoma de residencia para que designe o profesional responsable da execución da medida non privativa de liberdade imposta.

3. En caso de traslado de centro polas circunstancias previstas no artigo 35.1.b) e c) deste regulamento, continuará sendo competente da execución da medida a comunidade autónoma onde estea situado o xulgado de

menores que a acordase, sen prexuízo da colaboración prestada pola comunidade autónoma responsable do centro de destino.

Artigo 10. *Inicio da execución.*

1. Para dar inicio á execución das medidas acordadas en sentenza firme, que sexan competencia das entidades públicas, procederase conforme as regras seguintes:

1. Recibidos na entidade pública a executoria e o testemuño de particulares do xulgado de menores, así como os informes técnicos que consten na causa e a identificación do letrado do menor, a entidade pública competente, cando a medida imposta sexa algunha das previstas nas alíneas a) a d) do artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, ou a de permanencia de fin de semana nun centro, designará de forma inmediata o centro que considere máis adecuado para a súa execución de entre os máis próximos ao domicilio do menor nos cales existan prazos dispoñibles correspondentes ao réxime ou ao tipo de internamento imposto. A designación comunicaráselle ao xulgado de menores competente para que ordene o ingreso do menor se non estivese ingresado cautelarmente.

2. Requirirase a previa aprobación xudicial do centro proposto pola entidade pública nos casos seguintes:

a) Cando, de conformidade co artigo 46.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, se propoña, en interese do menor, o ingreso nun centro da comunidade autónoma que se encontre afastado do seu domicilio e do seu ámbito social e familiar, aínda existindo praza nun centro máis próximo adecuada ao réxime ou ao tipo de internamento imposto.

b) Cando se propoña para a execución da medida o ingreso do menor nun centro sociosanitario, de conformidade co disposto no artigo 54.2 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

c) Cando se propoña o ingreso do menor nun centro doutra comunidade autónoma, polos motivos descritos no artigo 35.1 deste regulamento.

3. A entidade pública designará de forma inmediata e, en todo caso, no prazo máximo de cinco días un profesional que se responsabilizará da execución da medida imposta, sempre que esta sexa algunha das previstas nas alíneas e), f), g), cando neste caso a permanencia se ordene no domicilio, h), i), j) e k) do artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Esta designación comunicaráselle ao xulgado correspondente.

4. Na medida de liberdade vixiada e nas medidas de internamento, o profesional ou o centro designado elaborarán o programa individualizado de execución no prazo de 20 días desde o inicio daquelas, prorrogable logo de autorización xudicial.

No resto das medidas, o programa individualizado de execución elaborárase, previamente ao seu inicio, no prazo de 20 días desde a data da designación do profesional, prorrogable logo de autorización xudicial.

5. O programa individualizado de execución da medida comunicaráselle ao xuíz competente para a súa aprobación. Se o xuíz rexeitase, en todo ou en parte, o programa proposto, someterase á súa consideración un novo ou a modificación correspondente do anterior, conforme o previsto no artigo 44 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

6. Unha vez aprobado o programa individualizado de execución da medida, a entidade pública iniciaráa, salvo que xa estivese iniciada por tratarse dunha medida

de internamento ou de liberdade vixiada, e comunicarlle a data ao xulgado de menores para que o secretario xudicial practique a liquidación da medida e lla comunique ao menor. Para efectos da liquidación, que practicará o secretario xudicial, consideraranse como datas de inicio as seguintes:

a) Nas medidas de internamento, a do día do ingreso ou a de firmeza da sentenza se estiver internado cautelarmente.

b) Nas medidas de liberdade vixiada, o día da primeira entrevista do profesional aludido na regra 3. co menor, que se deberá levar a cabo na data sinalada polo xuíz de menores de entre as propostas pola entidade pública e comunicada ao menor unha vez firme a sentenza. Se a medida xa estivese iniciada cautelarmente, a data de inicio será a da firmeza da sentenza.

Se o menor non comparecese, citado en debida forma, incorrerá no quebrantamento previsto no artigo 50.2 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

c) Nas medidas de permanencia de fin de semana, o primeiro día de permanencia no centro ou no domicilio.

d) Nas medidas de tratamento ambulatorio e de asistencia a un centro de día, a data en que o menor asiste por primeira vez ao centro ambulatorio ou ao centro de día asignado.

e) Nas medidas de prestacións en beneficio da comunidade e de realización de tarefas socioeducativas, a data en que comezan de forma efectiva as prestacións ou as tarefas asignadas.

f) Na medida de convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, o primeiro día de convivencia. Se xa estivese en medida de convivencia cautelar, o día da firmeza da sentenza, sen prexuízo do aboamento que corresponda.

g) Nas medidas a que alude o artigo 8.4 deste regulamento, o día en que o menor entregue na secretaría do xulgado o permiso ou licenza correspondente, ou na data que o xuíz lle sinala á autoridade administrativa.

7. Na liquidación da medida practicada polo secretario do xulgado aboarase, se é o caso, o tempo cumprido das medidas cautelares nos termos do artigo 28.5 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Unha vez aprobada a liquidación polo xuíz, logo de informe do Ministerio Fiscal e do letrado do menor, comunicaráselle á entidade pública competente.

2. O inicio da execución das medidas acordadas en sentenza firme polo Xulgado Central de Menores axustarase ás regras anteriores, excepto no referente á competencia administrativa, que sempre será do Goberno, e aos centros ou profesionais designados, que serán os que o Goberno poña á disposición da Audiencia Nacional, sen prexuízo dos convenios que, se é o caso, poida establecer coas comunidades autónomas.

3. Para dar inicio á execución das medidas cautelares que se acorden de conformidade co artigo 28 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, unha vez adoptado e comunicado á entidade pública o auto correspondente, aplicaranse no que proceda as regras 1., 2. e 3. do número 1 deste artigo.

Artigo 11. *Execución de varias medidas.*

1. A execución de varias medidas levarase a cabo en todo caso tendo en conta o acordado polo xuíz, de acordo co previsto nos artigos 13 e 47.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Cando concorran varias medidas impostas no mesmo ou en diferentes procedementos, cumpriranse simultaneamente as que se relacionan a continuación:

a) As medidas non privativas de liberdade cando concorran con outras medidas non privativas de liberdade diferentes.

b) A medida de permanencia de fin de semana cando concorra con outra medida non privativa de liberdade.

c) A amoestación, a privación do permiso de conducir ciclomotores ou vehículos de motor, ou do dereito a obtelo, ou das licenzas administrativas para caza ou para uso de calquera tipo de armas e a inhabilitación absoluta, cando concorran con outra medida diferente.

2. O segundo período das medidas de internamento descritas nas alíneas a) a d) do artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, acordado na sentenza de réxime de liberdade vixiada, cumprírase inmediatamente despois de rematado o primeiro período de internamento en centro. Non obstante, cando existan outras medidas ou penas privativas de liberdade, o seu cumprimento rexe-rase polo previsto nos números 2 e 3 do artigo 47 da citada lei orgánica.

3. De igual forma, a medida de liberdade vixiada prevista na regra 5. do artigo 9 e no número 2.c) da disposición adicional cuarta da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, terá que se executar unha vez finalizada a medida de internamento en réxime pechado, salvo que concorran con outras medidas ou penas privativas de liberdade; en tal caso, será de aplicación o disposto no inciso último do número anterior.

4. Cando concorran varias medidas de internamento, definitivas ou cautelares, de diferente réxime, cumprírase antes a de réxime máis restrinxido e, se é o caso, interromperase a de réxime menos restrinxido que se estiver executando, salvo que o xuíz de menores dispuxese outra orde en aplicación do número 3 do artigo 47 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

5. En todo caso, a execución das medidas impostas polo xuíz central de menores ou pola sala correspondente da Audiencia Nacional será preferente sobre as impostas por outros xuíces ou salas de menores.

6. A execución de varias medidas, en todos os casos previstos nos números anteriores, levarase a cabo cumprindo as resolucións ditadas polo xuíz.

7. Nos casos en que ao menor se lle impuxesen varias medidas de internamento e o xuíz de menores acordase a súa acumulación nun único expediente de execución, o centro onde o menor sexa ingresado elaborará un programa individualizado de execución que comprenda a totalidade das medidas, así como un único informe final, sen prexuízo dos correspondentes informes de seguimento que establece o artigo 13 deste regulamento.

Artigo 12. *Expediente persoal do menor na execución da medida.*

1. A entidade pública competente abriralle un expediente persoal a cada menor do cal teña encomendada a execución dunha medida. Este expediente será único no ámbito territorial da comunidade autónoma, aínda cando se executen medidas sucesivas.

2. O expediente deberá conter unha copia de todos os informes e documentos de calquera tipo que lles remítase a entidade pública aos órganos xudiciais competentes e ao Ministerio Fiscal durante a execución; as resolucións e documentos que os acompañen, comunicadas polos órganos xudiciais ou o Ministerio Fiscal á entidade

pública, e o resto de documentos administrativos que se xeren como consecuencia do cumprimento da medida, e que, nun ou noutro caso, afecten o menor. Neste expediente deberán constar igualmente os datos do letrado do menor e a comunicación do secretario do xulgado de calquera modificación neles.

3. O expediente persoal ten carácter reservado e a este soamente poderán acceder:

a) O Valedor do Pobo ou institución análoga da correspondente comunidade autónoma, os xuíces de menores competentes e o Ministerio Fiscal cando así llo requiran á entidade pública.

b) Os profesionais que de maneira directa teñen encomendada a responsabilidade de planificar e desenvolver os programas individualizados de execución da medida, e só sobre os datos persoais dos menores que teñan ao seu cargo se están expresamente autorizados para iso pola entidade pública de acordo coas súas normas de organización, debendo observar en todo momento o deber de sigilo.

c) O menor, o seu letrado e, se é o caso, o representante legal do menor, se llo solicitan de forma expresa á entidade pública, conforme o procedemento de acceso que esta estableza. Será de aplicación o disposto nos artigos 35 e 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Os profesionais que interveñan na execución da medida, pertencentes a outras entidades públicas ou privadas con que a entidade pública competente establecese convenios ou acordos de colaboración, poderán acceder ao ficheiro informático dependente da dita entidade, a que alude o artigo 48.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cando así o autorice a dita entidade, sen prexuízo do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e as súas normas de desenvolvemento.

5. Todos os que interveñan na execución da medida teñen o deber de manter a reserva oportuna da información que obteñan con relación aos menores e mozos no exercicio das súas funcións, e de non facilitala a terceiras persoas alleas á execución, deber que persiste unha vez finalizada esta.

6. Unha vez finalizada a estadía no centro, deberán remitir á entidade pública, polos medios que se establezan, todos os documentos relativos ao menor, con obxecto de que se integren no seu expediente persoal, sen que o centro poida quedar con ningunha copia.

Artigo 13. *Informes durante a execución.*

1. Durante a execución da medida, a entidade pública remitiralles ao xuíz de menores e ao Ministerio Fiscal os informes de seguimento. O seu contido será suficiente, de acordo coa natureza e finalidade de cada medida, para coñecer o grao de cumprimento desta, as incidencias que se produzan e a evolución persoal do menor.

2. A periodicidade mínima con que se elaborarán e tramitarán os informes de seguimento será a seguinte:

a) Na medida de permanencia de fin de semana, un informe cada catro fins de semana cumpridos.

b) Na medida de prestacións en beneficio da comunidade, un informe cada 25 horas cumpridas se a medida imposta é igual ou inferior a 50 horas, e un cada 50 horas cumpridas se a duración é superior.

c) No resto das medidas, un informe trimestral.

3. Non obstante o disposto no número anterior, a entidade pública remitirá informes de seguimento ao xuíz de menores e ao Ministerio Fiscal, sempre que fose requi-

rida por estes ou cando a propia entidade o considere necesario.

4. Cando o informe de seguimento conteña unha proposta de revisión da medida nalgún dos sentidos previstos nos artigos 14.1 ou 51 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, farase constar expresamente.

5. Unha vez cumprida a medida, a entidade pública elaborará un informe final dirixido ao xuíz de menores e ao Ministerio Fiscal, no cal ademais de indicar a dita circunstancia se fará unha valoración da situación en que queda o menor.

6. Unha copia dos informes de seguimento e final a que aluden os números anteriores remitiráselle tamén ao letrado que acredite ser o defensor do menor e llo solicite de forma expresa á entidade pública.

Artigo 14. *Incumprimentos.*

A entidade pública comunicaralles ao xuíz de menores e ao Ministerio Fiscal para os efectos, se é o caso, do disposto no artigo 50 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, os incumprimentos seguintes dos cales teña constancia:

a) Nas medidas de internamento e de permanencia de fin de semana nun centro: a fuga do centro, o non-retorno na data ou na hora indicadas despois dunha saída autorizada e a non-presentación no centro o día ou a hora sinalados para o cumprimento das permanencias establecidas.

b) Na medida de permanencia de fin de semana no domicilio: a non presentación no seu domicilio e a ausencia non autorizada do domicilio, durante os días e horas establecidos de permanencia, así como o non-retorno a este para continuar o cumprimento da medida despois dunha saída autorizada.

c) Nas medidas non privativas de liberdade, a falta de presentación ás entrevistas a que o menor fose citado para elaborar o programa de execución e o incumprimento de calquera das obrigas que, segundo o disposto no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, conforman o contido de cada medida.

Ademais, a entidade pública comunicaralles ás forzas e corpos de seguridade o incumprimento das medidas de internamento e de permanencia de fin de semana nun centro a que se refire a alínea a), así como das medidas de permanencia de fin de semana no domicilio prevista na alínea b). Así mesmo, porase en coñecemento das forzas e corpos de seguridade o ingreso do menor no centro nos termos previstos no artigo 31.2 cando se solicitase a súa busca.

Artigo 15. *Revisión da medida por conciliación.*

1. Se durante a execución da medida o menor manifestase a súa vontade de se conciliar coa vítima ou prexudicado, ou de os reparar polo dano causado, a entidade pública informará o xulgado de menores e o Ministerio Fiscal desta circunstancia, realizará as funcións de mediación correspondentes entre o menor e a vítima e informará dos compromisos adquiridos e do seu grao de cumprimento o xuíz e o Ministerio Fiscal, para os efectos do disposto no artigo 51.2 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Se a vítima fose menor, deberase solicitar autorización do xuíz de menores nos termos do artigo 19.6 da citada lei orgánica.

2. As funcións de mediación levadas a cabo con menores internados non poderán supor unha alteración do réxime de cumprimento da medida imposta, sen prexuízo das saídas que para esa finalidade poida autorizar o xulgado de menores competente.

SECCIÓN 2. REGRAS ESPECÍFICAS PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS MEDIDAS NON PRIVATIVAS DE LIBERDADE

Artigo 16. *Tratamento ambulatorio.*

1. Para elaborar o programa individualizado de execución da medida, a entidade pública designará o centro, o servizo ou a institución máis adecuada á problemática detectada, obxecto do tratamento, entre os máis próximos ao domicilio do menor nos cales exista praza dispoñible.

2. Os especialistas ou facultativos correspondentes elaborarán, tras examinar o menor, un programa de tratamento que se xuntará ao programa individualizado de execución da medida que elabore o profesional designado pola entidade pública.

3. Neste programa de tratamento estableceranse as pautas sociosanitarias recomendadas, os controis que teña que seguir o menor e a periodicidade con que ten que asistir ao centro, servizo ou institución designada, para o seu tratamento, seguimento e control.

4. Cando o tratamento teña por obxecto a deshabitación do consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas e o menor non preste o seu consentimento para inicialo ou, unha vez iniciado, o abandone ou non se someta ás pautas sociosanitarias ou aos controis establecidos no programa de tratamento aprobado, a entidade pública non iniciará o tratamento ou suspenderao e porao en coñecemento do xuíz de menores para os efectos oportunos.

Artigo 17. *Asistencia a un centro de día.*

1. Para elaborar o programa individualizado de execución da medida, a entidade pública designará o centro de día máis adecuado, entre os máis próximos ao domicilio do menor nos cales exista praza dispoñible.

2. O profesional designado pola entidade pública, en coordinación co dito centro, entrevistarase co menor para avaliar as súas necesidades e elaborar o programa de execución, no que constarán as actividades de apoio, educativas, formativas, laborais ou de ocio que o menor realizará, a periodicidade da asistencia ao centro de día e o horario de asistencia, que deberá ser compatible coa súa actividade escolar se está no período do ensino básico obrigatorio e, na medida do posible, coa súa actividade laboral.

3. Para os efectos do establecido neste artigo, terán a condición de centro de día os recursos incluídos na rede de servizos sociais de cada comunidade autónoma, sempre que se encontren plenamente integrados na comunidade e sexan adecuados á finalidade da medida.

Artigo 18. *Liberdade vixiada.*

1. Unha vez designado o profesional encargado da execución da medida e notificada a designación ao xulgado de menores, entrevistarase co menor para o efecto de elaborar o programa individualizado de execución da medida.

2. No programa individualizado de execución da medida, o profesional exporá a situación xeral detectada, os aspectos concretos referentes aos ámbitos persoal, familiar, social, educativo, formativo ou laboral nos cales se considera necesario incidir, así como as pautas socio-educativas que o menor deberá seguir para superar os factores que determinaron a infracción cometida. Tamén propondrá a frecuencia mínima das entrevistas co menor, que posibiliten o seguimento e o control da medida, sen prexuízo doutras que poidan manter o profesional e o menor no curso da execución, cando o primeiro as considere necesarias.

3. Se coa medida se lle impuxo ao menor algunha regra de conduta que requira para o seu cumprimento un programa ou recurso específico, este será elaborado ou designado pola entidade pública e xuntarse ao programa individualizado de execución da medida.

4. O disposto neste artigo será tamén de aplicación para a execución do período de liberdade vixiada previsto nos artigos 7.2, 9.5., 40.2.c) e no número 2.c) da disposición adicional cuarta da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Artigo 19. *Convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo.*

1. Para a execución da medida, a entidade pública seleccionará a persoa, familia ou grupo educativo que considere máis idóneo, entre os que se ofrecesen e acepten voluntariamente a convivencia. No proceso de selección escoitarase necesariamente o menor e, cando sexa o caso, os seus representantes legais.

2. A persoa ou persoas que integren a familia ou grupo educativo, que acepten convivir co menor, deberán estar en pleno exercicio dos seus dereitos civís, non estar incursas nalgunha das causas de inhabilidade establecidas para os titores no Código civil e ter unhas condicións persoais, familiares e económicas adecuadas, a criterio da entidade pública, para orientar o menor no seu proceso de socialización.

3. Unha vez feitas as entrevistas pertinentes, o profesional designado elaborará o programa individualizado de execución da medida no cal deberá constar a aceptación expresa da convivencia pola persoa, familia ou grupo educativo seleccionado, a predisposición mostrada polo menor para a convivencia e, se é o caso, a opinión dos representantes legais.

4. A inexistencia de persoa, familia ou grupo educativo idóneo que acepte a convivencia porase en coñecemento inmediato do xuíz de menores. Igualmente, comunicarse a desistencia da persoa, familia ou grupo educativo da aceptación da convivencia, unha vez iniciada a execución da medida.

5. A persoa, familia ou grupo educativo que asuma a convivencia adquirirá as obrigas civís propias da garda e deberá colaborar co profesional designado no seguimento da medida.

6. Durante a execución da medida o menor conservará o dereito de se relacionar coa súa familia, salvo que haxa unha prohibición xudicial expresa.

Artigo 20. *Prestacións en beneficio da comunidade.*

1. A entidade pública é a responsable de proporcionar as actividades de interese social ou en beneficio de persoas en situación de precariedade, para a execución da medida, sen prexuízo dos convenios ou acordos de colaboración que para o efecto subscribíse con outras entidades públicas, ou privadas sen ánimo de lucro.

2. As actividades a que fai referencia o número anterior reunirán as condicións seguintes:

a) Teñen que ter un interese social ou realizarse en beneficio de persoas en situación de precariedade.

b) Estarán relacionadas, preferentemente, coa natureza do ben xurídico lesionado polos feitos cometidos polo menor.

c) Non poderán atentar contra a dignidade do menor.

d) Non estarán supeditadas á consecución de intereses económicos.

3. As prestacións do menor non serán retribuídas, pero poderá ser indemnizado pola entidade a beneficio da cal se faga a prestación polos gastos de transporte e, se é o caso, de manutención, salvo que estes servizos os

preste esa entidade ou sexan asumidos pola entidade pública.

4. Durante a prestación da actividade, o menor que teña a idade legal requirida gozará da mesma protección prevista en materia de seguridade social para os sometidos á pena de traballo en beneficio da comunidade pola lexislación penitenciaria e estará protexido pola normativa laboral en materia de prevención de riscos laborais. Ao menor que non teña esa idade, a entidade pública garantiralle unha cobertura suficiente polos accidentes que puidese padecer durante o desempeño da prestación e unha protección que en ningún caso será inferior á regulada pola normativa laboral en materia de prevención de riscos laborais.

5. Cada xornada de prestacións non poderá exceder de catro horas diarias se o menor non alcanza os 16 anos, nin de oito horas se é maior desa idade.

6. A determinación da duración das xornadas, o prazo de tempo no cal se deberán cumprir e a execución desta medida estará rexida polo principio de flexibilidade a fin de facela compatible, na medida do posible, coas actividades diarias do menor. En ningún caso a realización das prestacións poderá supor a imposibilidade da asistencia ao centro docente se o menor se encontra no período do ensino básico obrigatorio.

7. O profesional designado entrevistarse co menor para coñecer as súas características persoais, as súas capacidades, as súas obrigas escolares ou laborais e o seu ambiente social, persoal e familiar, coa finalidade de determinar a actividade máis adecuada. Nesta entrevista ofertaralle as distintas prazas existentes con indicación expresa do seu contido e os horarios posibles de realización.

8. O programa individualizado de execución da medida elaborado polo profesional deberá conter as actividades que realizará, o seu cometido, o beneficiario, o lugar de realización, a persoa responsable da actividade, o número de horas de cada xornada, o horario e o consentimento expreso do menor que vai realizar esas actividades nas condicións establecidas.

9. Se o menor non aceptar as actividades propostas ou as súas condicións de realización e non houber outras actividades dispoñibles adecuadas ás súas aptitudes persoais ou non se puideren variar as condicións, o profesional designado porao en coñecemento inmediato do xuíz de menores para os efectos oportunos.

Artigo 21. *Realización de tarefas socioeducativas.*

1. O profesional designado, despois de se entrevistar co menor para coñecer as súas características persoais, a súa situación e as súas necesidades, elaborará o programa individualizado de execución da medida no cal exorará as tarefas específicas de carácter formativo, cultural e educativo que debe realizar o menor, encamiñadas a lle facilitar o desenvolvemento da súa competencia social, o lugar onde se realizarán e o horario de realización, que deberá ser compatible co da actividade escolar se o menor se encontra no período do ensino básico obrigatorio, e, na medida do posible, coa súa actividade laboral.

2. O disposto no número anterior será de aplicación para a execución da actividade socioeducativa prevista no artigo 40.2.c) da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Artigo 22. *Medidas cautelares.*

Cando ao menor se lle impoñan as medidas cautelares de liberdade vixiada ou convivencia con outra persoa, familia ou grupo educativo, previstas no artigo 28 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, serán de aplicación as regras descritas nos artigos 18 e 19, respectivamente,

deste regulamento, para a súa execución, respectando, non obstante, o principio de presunción de inocencia.

SECCIÓN 3. REGRAS ESPECÍFICAS PARA A EXECUCIÓN DAS MEDIDAS PRIVATIVAS DE LIBERDADE

Artigo 23. *Réximes de internamento.*

Os menores cumprirán a medida de internamento no réxime acordado en resolución motivada polo xuíz de menores, de acordo co establecido nas alíneas a), b) e c) do artigo 7.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Artigo 24. *Internamento en réxime pechado.*

Os menores sometidos a esta medida residirán no centro e desenvolverán neste as actividades formativas, educativas, laborais e de ocio, planificadas no programa individualizado de execución da medida.

Artigo 25. *Internamento en réxime semiaberto.*

1. Os menores en réxime semiaberto residirán no centro, pero realizarán fóra deste algunha ou algunhas das actividades formativas, educativas, laborais e de ocio, establecidas no programa individualizado de execución da medida. Este programa poderá establecer un réxime flexible que lle deixe á entidade pública unha marxe de decisión para a súa aplicación concreta.

2. A actividade ou actividades que se realicen no exterior axustaranse aos horarios e condicións establecidos no programa individualizado de execución da medida, sen prexuízo de que, en función da evolución persoal do menor, a entidade pública poida aumentar ou diminuír as actividades no exterior ou os horarios, sempre dentro da marxe establecida no propio programa.

Artigo 26. *Internamento en réxime aberto.*

1. Os menores suxeitos a esta medida levarán a cabo nos servizos normalizados do contorno todas as actividades de carácter escolar, formativo e laboral establecidas no programa individualizado de execución da medida, residindo no centro como domicilio habitual.

2. As actividades no exterior levaranse a cabo conforme os horarios e condicións de realización establecidos no programa individualizado de execución da medida.

3. En xeral, o tempo mínimo de permanencia no centro será de oito horas, e o menor deberá pernoitar neste. Non obstante, cando o menor realice no exterior unha actividade formativa ou laboral cuxas características o requiriran, a entidade pública poderalle propor ao xulgado de menores a posibilidade de non pernoitar no centro durante un período determinado de tempo e acudir a este soamente coa periodicidade concreta establecida, para realizar actividades determinadas do programa individualizado de execución da medida, entrevistas e controis presenciais.

4. Cando a entidade pública entenda que as características persoais do menor e a evolución da medida de internamento en réxime aberto o aconsellan, poderalle propor ao xulgado de menores que aquela continúe en vivendas ou institucións de carácter familiar situadas fóra do recinto do centro, baixo o control da dita entidade.

Artigo 27. *Internamento terapéutico.*

1. Os menores sometidos a esta medida residirán no centro designado para recibir a atención educativa especializada ou o tratamento específico da anomalía ou alteración psíquica, dependencia de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, ou alteracións na percepción que determinen unha

alteración grave da conciencia da realidade, que padezan, de acordo co programa de execución da medida elaborado pola entidade pública.

2. Os especialistas ou facultativos correspondentes elaborarán un programa de tratamento da problemática obxecto do internamento, coas pautas sociosanitarias recomendadas e, se é o caso, os controis para garantir o seguimento, que formará parte do programa individualizado de execución da medida que elabore a entidade pública.

3. Cando o tratamento teña por obxecto a deshabitación do consumo de bebidas alcohólicas, drogas tóxicas ou substancias psicotrópicas e o menor non preste o seu consentimento para inicialo ou para se someter aos controis de seguimento establecidos ou, unha vez iniciado, o abandone ou rexeite someterse aos controis, a entidade pública non iniciará o tratamento ou suspenderá e porá en coñecemento do xuíz de menores para os efectos oportunos.

4. Cando a entidade pública, en atención ao diagnóstico realizado polos facultativos correspondentes ou á evolución na medida considere que o máis adecuado é o internamento nun centro sociosanitario, solicitarallo ao xuíz de menores.

Artigo 28. *Permanencia de fin de semana.*

1. Unha vez recibido na entidade pública o testemuño da resolución firme co número de fins de semana impostos e as horas de permanencia de cada fin de semana, o profesional designado entrevistárase co menor para o efecto de elaborar o programa individualizado de execución da medida, no cal deberán constar as datas establecidas para o cumprimento das permanencias, os días concretos de cada fin de semana nos cales se executará a medida e a distribución das horas entre os días de permanencia, así como o lugar onde se cumprirá a medida.

2. O profesional designado tamén propondrá as tarefas socioeducativas que deberá realizar o menor, de carácter formativo, cultural ou educativo, o lugar onde se realizarán e o horario de realización.

3. Unha vez aprobado o programa individualizado de execución da medida polo xuíz de menores, a entidade pública porá en coñecemento do menor con indicación da data na cal se dará inicio ao cumprimento da medida, no domicilio ou no centro designado, o lugar onde se deberá presentar para realizar as tarefas socioeducativas asignadas e o horario destas.

Artigo 29. *Internamento cautelar.*

1. Os menores a que se aplique a medida de internamento cautelar en aplicación do disposto no artigo 28 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, ingresarán no centro designado pola entidade pública, no réxime de internamento que o xuíz establecese e seralles de aplicación, en función deste réxime, o disposto nos artigos anteriores deste capítulo.

2. Non obstante, para salvagardar e respectar o principio de presunción de inocencia, o programa individualizado de execución da medida substituirase por un modelo individualizado de intervención que deberá conter unha planificación de actividades adecuadas ás súas características e circunstancias persoais, compatible co réxime de internamento e coa súa situación procesual. Este modelo individualizado de intervención deberase someter á aprobación do xuíz de menores, conforme o previsto no artigo 44 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Artigo 30. *Normativa de funcionamento interno.*

1. Todos os centros se rexerán por unha normativa de funcionamento interno, cuxo cumprimento terá como finalidade a consecución dunha convivencia ordenada, que permita a execución dos diferentes programas de intervención educativa e as funcións de custodia dos menores internados, e asegurar a igualdade de trato a todos os menores, prestando especial atención a aqueles que presenten algunha discapacidade.

2. Serán normas de convivencia comúns a todos os centros as seguintes:

a) O menor internado ocupará, como norma xeral, un cuarto individual. Non obstante, se non existen razóns de tratamento, médicas ou de orde e seguridade que o desaconsellen, poderanse compartir os dormitorios, sempre que estes reúnan as condicións suficientes e adecuadas para preservar a intimidade. En todo caso, cada menor disporá dun lugar adecuado para gardar as súas pertenzas.

b) O menor internado ten dereito a vestir a súa propia roupa, sempre que sexa adecuada á disciplina e á orde interna do centro, ou optar pola que lle facilite o centro, que deberá ser correcta, adaptada ás condicións climatolóxicas e desprovista de calquera elemento que poida afectar a súa dignidade ou que denote, nas súas saídas ao exterior, a súa condición de internado. Por razóns médicas ou hixiénicas poderase ordenar a inutilización das roupas e efectos contaminantes propiedade dos menores internados.

c) O menor poderá conservar no seu poder o diñeiro e os obxectos de valor da súa propiedade se a dirección do centro ou o órgano que a entidade pública establece na súa normativa o autoriza en cada caso de forma expresa. Os que non sexan autorizados teñen que ser retirados e conservados en lugar seguro polo centro, co xustificante previo correspondente, e devoltos ao menor no momento da súa saída do centro. Tamén poderán ser entregados aos representantes legais do menor.

d) En cada centro ten que haber unha lista de obxectos e substancias cuxa tenza no centro se considera prohibida por razóns de seguridade, orde ou finalidade do centro. Se se lles encontrasen aos menores internados drogas tóxicas, armas ou outros obxectos perigosos, poranse ao dispor da fiscalía ou do xulgado competente. En todo caso, considéranse obxectos ou substancias prohibidos:

- 1.º As bebidas alcohólicas.
- 2.º As drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.
- 3.º Calquera outro produto ou substancia tóxica.
- 4.º Diñeiro de curso legal en contía que supere o establecido na norma de réxime interior do centro.
- 5.º Calquera material ou utensilio que poida resultar perigoso para a vida ou a integridade física ou a seguridade do centro.
- 6.º Aqueles previstos pola normativa de funcionamento interno dos centros.

e) En todos os centros haberá un horario polo cal se regulen as diferentes actividades e o tempo libre. Este horario ten que garantir un mínimo de oito horas diarias de descanso nocturno e, sempre que sexa posible, dúas horas ao aire libre.

f) Todos os menores observarán as normas hixiénicas, sanitarias e sobre vestiario e aseo persoal que establece a normativa de funcionamento interno do centro. Tamén estarán obrigados a realizar as prestacións non retribuídas que establece esa normativa para manter a boa orde e a limpeza do centro, que en ningún caso terán a condición de actividade laboral.

g) Os incumprimentos de deberes poderán ser obxecto de corrección educativa sempre que non teñan

como fundamento a seguridade e a boa orde do centro. Neste caso, se a conduta tamén fose constitutiva dunha infracción disciplinaria por atentar contra a seguridade e a boa orde do centro, poderá ser obxecto da correspondente sanción, que en ningún caso se poderá estender ao fundamento ou motivo da corrección educativa.

Artigo 31. *Ingreso no centro.*

1. O ingreso dun menor nun centro só se poderá realizar en cumprimento dun mandamento de internamento cautelar ou dunha sentenza firme adoptada pola autoridade xudicial competente.

2. Tamén poderá ingresar por presentación voluntaria o menor sobre o cal se ditase un mandamento de internamento cautelar ou unha sentenza firme de internamento pendente de executar, o menor evadido dun centro e o non retornado a este despois dunha saída autorizada.

Nestes casos, o director do centro solicitará do xuíz de menores, dentro das 24 horas seguintes ao ingreso, o correspondente mandamento, así como, se é o caso, o testemuño de sentenza e liquidación de condena. Cando se trate de internos evadidos que decidisen voluntariamente reingresar nun centro distinto do orixinario, solicitarase do centro de que se evadisen os datos necesarios do seu expediente persoal, sen prexuízo do que se determine en relación co seu traslado.

Artigo 32. *Trámites despois do ingreso.*

1. Unha vez ingresado o menor no centro, procurará que o procedemento de ingreso se leve a cabo coa máxima intimidade posible e que durante o período de adaptación conte co apoio técnico necesario para reducir os efectos negativos que a situación de internamento poida representar para el.

2. En todos os centros se levará un rexistro autorizado pola entidade pública no cal teñen que constar os datos de identidade dos menores internados, a data e a hora dos ingresos, os traslados e as postas en liberdade, os seus motivos, as autoridades xudiciais que os acorden e os datos do letrado do menor.

3. O ingreso do menor será comunicado ao xulgado de menores que o ordenase, ao Ministerio Fiscal e aos representantes legais do menor ou, no seu defecto, á persoa que o menor designe. Tratándose de menor de idade estranxeiro, o ingreso porase en coñecemento das autoridades consulares do seu país cando o menor tivese a súa residencia habitual fóra de España ou cando así o solicitesen o propio menor ou os seus representantes legais.

4. No momento do ingreso, o menor, as súas roupas e utensilios persoais poderán ser obxecto de rexistro, de conformidade co establecido no artigo 54.5, retirándose os utensilios e obxectos non autorizados e os prohibidos. Tamén se adoptarán as medidas de hixiene persoal necesarias e se lle entregarán ao menor as pezas de roupa de vestir que precise.

5. Todos os menores internados serán examinados por un médico no prazo máis breve posible e sempre antes de 24 horas. Do resultado deixarase constancia na historia clínica individual que deberá serlle aberta nese momento. A estes datos soamente terá acceso o persoal que autorice expresamente a entidade pública, o Ministerio Fiscal ou o xuíz de menores.

6. Os menores recibirán, no momento do seu ingreso no centro, información escrita sobre os seus dereitos e obrigas, o réxime de internamento en que se encontran, as cuestións de organización xeral, as normas de funcionamento do centro, as normas disciplinarias e os medios para formular peticións, queixas ou recursos. A información facilitaráselles nun idioma que entendan. Aos que teñan calquera xénero de dificultade para com-

prender o contido desta información, explicaráselles por outro medio adecuado.

Artigo 33. *Grupos de separación interior.*

1. Os centros estarán divididos en módulos adecuados á idade, á madurez, ás necesidades e ás habilidades sociais dos menores internados e rexeranse por unha normativa de funcionamento interno cuxo cumprimento terá como finalidade a consecución dunha convivencia ordenada, que permita a execución dos diferentes programas de intervención educativa e as funcións de custodia dos menores internados.

2. Os menores que por calquera circunstancia persoal requiran dunha protección especial estarán separados daqueles que os poidan pór en situación de risco ou de perigo mediante o seu traslado ben a outro módulo do mesmo centro, ben a outro centro, logo de autorización do xuíz de menores neste último caso.

Artigo 34. *Internamento de nais con fillos menores.*

1. As menores internadas poderán ter na súa compañía, dentro do centro, os seus fillos menores de tres anos, sempre e cando:

- No momento do ingreso ou unha vez ingresada, a nai llo solicite expresamente á entidade pública ou á dirección do centro.
- Se acredite de maneira que faga fe a filiación.
- A criterio da entidade pública, esa situación non entrañe risco para os fillos.
- O autorice o xuíz de menores.

2. Os posibles conflitos que xurdan entre os dereitos do fillo e os da nai orixinados polo internamento no centro serán resolto polo xuíz de menores, con independencia do que acorde respecto do fillo a autoridade competente.

3. Admitido o neno no centro de internamento, deberá ser recoñecido polo médico do centro e, salvo que este dispuxer outra cosa, pasará a ocupar coa súa nai o cuarto que se lle asigne, que será en todo caso individual e acondicionado ás necesidades do neno.

Artigo 35. *Traslados.*

1. O menor internado poderá ser trasladado a un centro dunha comunidade autónoma diferente á do xulgado de menores que ditase a resolución de internamento, logo de autorización deste, nos casos seguintes:

- Cando quede acreditado que o domicilio do menor ou o dos seus representantes legais se encontra nesa comunidade autónoma.
- Cando a entidade pública competente propoña o internamento nun centro doutra comunidade autónoma distinta, coa cal establecese o correspondente acordo de colaboración, fundamentado no interese do menor de arredalo do seu ambiente familiar e social, durante o tempo que subsista este interese.
- Cando a entidade pública competente, por razóns temporais de plena ocupación dos seus centros ou por outras causas, careza de praza dispoñible adecuada ao réxime ou ao tipo de internamento imposto e dispoña de praza noutra comunidade autónoma coa cal establecese o correspondente acordo de colaboración, mentres se mantéña esa situación.

2. O menor non poderá ser trasladado fóra do centro se non se recibise orde ou autorización do xuíz de menores á disposición do cal se encontre, conforme o previsto no artigo 46.3 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

3. O traslado do menor a unha institución ou centro hospitalario por razóns de urxencia non requirirá a previa

autorización do xulgado de menores competente, sen prexuízo da súa comunicación inmediata ao xuíz.

4. As saídas dos menores internados para a práctica de dilixencias procesuais faranse logo de orde do órgano xudicial correspondente. Estas saídas serán comunicadas pola entidade pública ao xulgado de menores competente, de non ser este quen as ordenou.

5. De conformidade co previsto na disposición adicional única, o director do centro poderalle solicitar á autoridade competente que as forzas e corpos de seguridade leven a cabo os desprazamentos, conducións e traslados do menor cando exista un risco fundado para a vida ou a integridade física das persoas ou para os bens.

En todo caso, os desprazamentos, conducións e traslados realizaranse respectando a dignidade, a seguridade e a intimidade dos menores.

Artigo 36. *Adopción e cumprimento da decisión sobre a liberdade do menor.*

1. A liberdade dos menores internados soamente poderá ser acordada por resolución da autoridade xudicial competente remitida á entidade pública ou por cumprimento da data aprobada polo xuíz na liquidación da medida.

2. A entidade pública executará inmediatamente o mandamento de liberdade, excepto cando, feitas as comprobacións pertinentes, o menor teña que permanecer internado por estar suxeito a outras responsabilidades.

3. A execución do mandamento de liberdade porase en coñecemento do xuíz de menores competente. Cando o mandamento de liberdade se refira a un menor de idade, o centro comunicarllo inmediatamente aos seus representantes legais para que se fagan cargo del, e de non seren localizados, porase á disposición da entidade pública de protección de menores para os efectos oportunos.

Artigo 37. *Asistencia escolar e formativa.*

1. A entidade pública e o organismo que no respectivo territorio teña atribuída a competencia na materia adoptarán as medidas oportunas para garantir o dereito dos menores internados a recibir o ensino básico obrigatorio que legalmente lle corresponda, calquera que sexa a súa situación no centro. Tamén lles facilitarán aos menores o acceso aos outros estudos que compoñen os diferentes niveis do sistema educativo e outras ensinanzas non regradas que contribúan ao seu desenvolvemento persoal e sexan adecuadas ás súas circunstancias.

2. Para o efecto do disposto no número anterior, cando o menor non poida asistir aos centros docentes da zona por mor do réxime ou tipo de internamento imposto, a entidade pública e o organismo competente na materia arbitrarán os medios necesarios para que poida recibir o ensino correspondente no centro de internamento.

3. O organismo que no territorio de residencia do menor teña atribuídas as competencias en materia de educación garantizará a incorporación inmediata do menor que fose posto en liberdade e que se encontre no período do ensino básico obrigatorio ao centro docente que lle corresponda. Con esta finalidade, a entidade pública comunicarlle esta circunstancia e a documentación escolar correspondente ao citado organismo.

4. Os certificados e diplomas de estudo, expediente académico e libros de escolaridade non teñen que indicar, en ningún caso, que se tramitaron ou conseguiron nun centro para menores infractores.

Artigo 38. *Asistencia sanitaria.*

1. A entidade pública e o organismo que no respectivo territorio teñan atribuída a competencia na materia

adoptarán as medidas oportunas para garantir o dereito dos menores internados á asistencia sanitaria gratuita recoñecida pola lei.

2. A entidade pública adoptará as medidas oportunas para que se lles dispense aos menores internados a asistencia sanitaria nos termos e coas garantías previstos na lexislación aplicable, incluída a realización de probas analíticas para a detección de enfermidades infecto-contaxiosas que puidesen supor un perigo para a saúde ou a vida do propio menor ou de terceiras persoas.

3. Daráselle coñecemento ao xuíz de menores competente e, se é o caso, ao representante legal do menor das intervencións médicas que se lle efectúen. [003]

4. Cando a criterio facultativo se precise o ingreso do menor nun centro hospitalario e non se conte coa autorización do menor, ou do seu representante legal, a entidade pública solicitaralle ao xuíz de menores competente a autorización do ingreso, salvo en caso de urxencia, en que a comunicación ao xuíz se fará posteriormente de forma inmediata.

5. A entidade pública permitirá que se lle facilite ao menor información sobre o seu estado de saúde de forma adecuada ao seu grao de comprensión. Esta información tamén será posta en coñecemento do seu representante legal.

6. De conformidade co previsto na disposición adicional única, o director do centro en que se encontre internado o menor poderalle solicitar á autoridade competente que a vixilancia e custodia do menor, durante a súa permanencia no centro sanitario, sexan levadas a cabo polas forzas e corpos de seguridade cando exista risco fundado para a vida ou a integridade física das persoas ou para as instalacións sanitarias.

Artigo 39. *Asistencia relixiosa.*

1. Todos os menores internados terán dereito a dirixirse a unha confesión relixiosa rexistrada, de conformidade co previsto pola lexislación vixente.

2. Ningún menor internado poderá ser obrigado a asistir ou participar nos actos dunha confesión relixiosa.

3. A entidade pública facilitará que os menores poidan respectar a alimentación, os ritos e as festas da súa propia confesión, sempre que sexa compatible cos dereitos fundamentais dos outros internos e non afecte a seguridade do centro e o desenvolvemento da vida no centro.

Artigo 40. *Comunicacións e visitas de familiares e doutras persoas.*

1. Os menores internados teñen dereito a comunicarse libremente de forma oral e escrita, na súa propia lingua, cos seus pais, representantes legais, familiares ou outras persoas, e a recibir as súas visitas, dentro do horario establecido polo centro. Como mínimo, autorizaranse dúas visitas por semana, que poderán ser acumuladas nunha soa.

2. Ademais das comunicacións e visitas ordinarias establecidas no número anterior, o director do centro ou o órgano que a entidade pública establece na súa normativa poderá conceder outras de carácter extraordinario ou fóra do horario establecido, por motivos xustificadas ou como incentivo á conduta e boa evolución do menor.

3. Os familiares deberán acreditar o parentesco cos menores internados no momento da visita, e os visitantes que non sexan familiares terán que obter a autorización previa do director do centro para poder comunicarse co menor ou visitalo. Cando o comunicante ou visitante sexa menor de idade non emancipado, deberá contar coa autorización do seu representante legal.

4. O horario de visitas será suficiente para permitir unha comunicación de 40 minutos de duración como mínimo. Non poderán visitar o menor máis de catro persoas simultaneamente, salvo que as normas de funciona-

mento interno do centro ou o seu director, por motivos xustificadas, autoricen a presenza de máis persoas.

Polo menos unha vez ao mes, poderá ter lugar unha visita de convivencia familiar por un tempo non inferior a tres horas.

5. Os visitantes e comunicantes non poderán ser portadores, durante a visita ou a comunicación, de bolsos ou paquetes nin de obxectos ou substancias prohibidas polas normas do centro. Os visitantes deberán pasar os controis de identidade e seguridade establecidos polo centro, incluído o rexistro superficial da súa persoa, que se levará a cabo segundo o establecido no artigo 54.5.c). En caso de negativa do visitante a someterse a estes controis, o director do centro poderá denegar a comunicación ou a visita, pondo en coñecemento do xuíz de menores competente.

6. O director do centro ordenará a suspensión temporal ou terminación de calquera visita cando no seu desenvolvemento se produzan ameazas, coaccións, agresións verbais ou físicas, se advirta un comportamento incorrecto, existan razóns fundadas para crer que o interno ou os visitantes poidan estar preparando algunha actuación delituosa ou que atente contra a convivencia ou a seguridade do centro, ou entenda que os visitantes poden prexudicar o menor porque afecten negativamente o desenvolvemento integral da súa personalidade.

7. Cando se considere que as comunicacións previstas neste artigo prexudican ou poden prexudicar o menor porque afecten negativamente o seu dereito fundamental á educación e ao desenvolvemento integral da súa personalidade, o director do centro porao en coñecemento do xuíz de menores competente, sen prexuízo de suspender cautelarmente este dereito á comunicación mentres este resolva, oídos o Ministerio Fiscal e o equipo técnico. Tamén poderá o director suspender cautelarmente o dereito de comunicación cando, en atención á seguridade e á boa convivencia no centro, se aprecie razoadamente a concorrencia de perigo grave e certo para estas.

En ambos os casos, a suspensión cautelar acordada polo director debe ser comunicada de maneira inmediata ao xuíz de menores.

8. Os menores que durante un prazo superior a un mes non disfruten de ningunha saída de fin de semana ou de permisos ordinarios de saída terán dereito, logo de solicitude ao centro, a comunicacións íntimas co seu cónxuxe ou con persoa ligada por análoga relación de afectividade, sempre que esta relación quede acreditada. Como mínimo autorizarase unha comunicación ao mes, dunha duración mínima dunha hora. Estas comunicacións levaranse a cabo en dependencias adecuadas do centro e respectando ao máximo a intimidade dos comunicantes.

9. En todos os centros se levará un libro de visitas no cal queden rexistrados a data da visita, o nome do interno, o nome do visitante, o seu enderezo e documento nacional de identidade, así como o parentesco ou relación que ten co interno.

Artigo 41. *Comunicacións co xuíz, o Ministerio Fiscal, o avogado e con outros profesionais e autoridades.*

1. Os menores internados teñen dereito a comunicarse reservadamente, en local apropiado, cos seus avogados e procuradores, co xuíz de menores competente, co Ministerio Fiscal e cos servizos de inspección de centros de internamento.

2. Terán dereito, igualmente, a comunicarse reservadamente con outros profesionais acreditados e ministros da súa relixión para a realización das funcións propias da súa profesión ou ministerio.

O menor solicitará a presenza de tales profesionais ou ministros ao director do centro ou ao órgano que a entidade pública establece na súa normativa, dentro dos

horarios que estableza a entidade pública ou acorde o director en cada caso, logo de acreditación da súa identidade e condición profesional e autorización do director do centro.

3. Os menores estranxeiros poderanse comunicar, en locais apropiados e dentro dos horarios establecidos, cos representantes diplomáticos ou consulares do seu país ou coas persoas que as respectivas embaixadas ou consulados indiquen, logo de acreditación e autorización do director do centro ou do órgano que a entidade pública establecese na súa normativa.

4. O menor poderá realizar a solicitude de comunicación coas persoas relacionadas nos números anteriores directamente por escrito. Tamén lle poderá manifestar ao director do centro, verbalmente ou por escrito, a solicitude de comunicación, o cal dará traslado desta de forma inmediata ao seu destinatario e, en todo caso, dentro das 24 horas seguintes.

5. O lugar, o día e a hora para a comunicación telefónica ou persoal do menor co xuíz de menores ou co Ministerio Fiscal serán os que estes determinen. A comunicación telefónica ou persoal co avogado ou coas persoas responsables da inspección de centros levarase a cabo no centro na data que estes requiran.

6. No momento da visita, o avogado ou o procurador presentarán ao director do centro ou ao órgano que a entidade pública establecese na súa normativa ou carné profesional que os acredite como tales, ademais da designación ou documento en que consten como defensor ou representante do menor nas causas que se sigan contra el ou polas cales estivese internado. As comunicacións do menor co seu avogado ou procurador non poderán ser suspendidas, en ningún caso, por decisión administrativa. Soamente poderán ser suspendidas logo de orde expresa da autoridade xudicial.

7. As comunicacións dos menores co Defensor do Pobo, cos seus adxuntos ou delegados, ou con institucións análogas das comunidades autónomas, autoridades xudiciais e membros do Ministerio Fiscal, levaranse a cabo en locais adecuados e no horario que estes estimen oportuno.

8. As comunicacións previstas neste artigo non poderán ser suspendidas nin ser obxecto de intervención, restrición ou limitación administrativa de ningún tipo.

9. Todas as autoridades e funcionarios a que fai mención este artigo se deberán acreditar convenientemente ao persoal de seguridade do centro.

Artigo 42. *Comunicacións telefónicas.*

1. Os menores poderán efectuar e recibir comunicacións telefónicas dos seus pais, representantes legais e familiares, dentro do horario establecido no centro. Para recibir e efectuar comunicacións con outras persoas ou fóra do horario establecido, requirirase a previa autorización do director.

2. O número mínimo de chamadas que poderán efectuar os menores será o de dúas por semana con dereito a unha duración mínima de 10 minutos. O aboamento das chamadas será por conta do menor internado, de acordo coas tarifas vixentes, salvo que a entidade pública estableza o contrario en atención ás circunstancias do menor ou ao obxecto da chamada.

Artigo 43. *Comunicacións escritas.*

1. Os menores poderán enviar e recibir correspondencia libremente, sen ningún tipo de censura, salvo prohibición expresa do xuíz, acordada no correspondente expediente conforme os preceptos da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. Toda a correspondencia que expidan e reciban os internos será rexistrada con indicación do nome do

interno remitente ou destinatario e a data correspondente no libro que para tal fin se levará no centro.

3. A recepción de correspondencia dirixida aos menores internados levarase a cabo logo de comprobación da identidade de quen a deposita. A correspondencia de entrada será entregada ao seu destinatario, quen a abrirá en presenza do persoal do centro, co único fin de controlar que no seu interior non contén obxectos ou substancias prohibidas.

4. Os menores deberán pechar a correspondencia que envíen en presenza do persoal designado pola dirección do centro, coa única finalidade de comprobar que non contén obxectos e substancias prohibidos ou que non lles pertencen lexitimamente.

Artigo 44. *Paquetes e encargos.*

Os menores poderán enviar e recibir paquetes sen ningún tipo de limitación, salvo prohibición expresa do xuíz. O contido dos que se pretendan enviar ou o dos recibidos será revisado na súa presenza para comprobar que o enviado pertence lexitimamente ao menor e para evitar, nos recibidos, a entrada de obxectos ou substancias prohibidos ou en deficientes condicións hixiénicas.

A recepción de paquetes dirixidos aos menores internados levarase a cabo logo de comprobación da identidade de quen o deposita.

Artigo 45. *Permisos de saída ordinarios.*

1. Os menores internados por sentenza en réxime aberto ou semiaberto poderán desfrutar de permisos de saída ordinarios, sempre que concorran os requisitos que se establecen neste artigo.

2. Os permisos ordinarios serán dun máximo de 60 días por ano para os internados en réxime aberto e dun máximo de 40 días por ano para os internados en réxime semiaberto, distribuídos proporcionalmente nos dous semestres do ano, non computándose dentro destes topos os permisos extraordinarios, nin as saídas de fin de semana nin as saídas programadas. A duración máxima de cada permiso non excederá nunca os 15 días.

3. Non obstante, cando se trate de menores que se encontren no período do ensino básico obrigatorio, non se poderán conceder permisos ordinarios de saída en días que sexan lectivos segundo o calendario escolar oficial. A distribución a que fai referencia o número anterior farase nos días en que se interrompa a actividade escolar.

4. Serán requisitos imprescindibles para a concesión de permisos ordinarios de saída os seguintes:

- a) A petición previa do menor.
- b) Que non se encontre cumprindo ou pendente de cumprir sancións disciplinarias por faltas moi graves ou graves impostas de conformidade con este regulamento.
- c) Que participe nas actividades previstas no seu programa individualizado de execución da medida.
- d) Que se prevesen os permisos no programa individualizado de execución da medida ou nas súas modificacións posteriores, aprobados polo xuíz de menores competente.
- e) Que no momento de decidir a concesión non se dean as circunstancias previstas no artigo 52.2.
- f) Que non exista respecto do menor internado un pronóstico desfavorable do centro pola existencia de variables cualitativas que indiquen o probable quebrantamento da medida, a comisión de novos feitos delituosos ou unha repercusión negativa da saída sobre o menor desde a perspectiva da súa preparación para a vida en liberdade ou do seu programa individualizado de execución da medida.

A dirección do centro ou o órgano que a entidade pública establecese na súa normativa poderá suspender

o dereito á concesión dos permisos ordinarios de saída a un menor internado, dando conta diso ao xuíz de menores cando concorran as circunstancias previstas no número anterior.

5. A concesión do permiso compételle ao director do centro ou ao órgano que a entidade pública establece na súa normativa, e desfrutarase nas datas, coa duración e nas condicións establecidas.

6. Da concesión, ou denegación se é o caso, do permiso, das condicións, duración e datas de desfrute daráselle conta ao xuíz de menores competente. Cando se acorde denegar ou suspender o permiso notificaráselle ao menor, quen poderá recorrer contra a decisión conforme o disposto no artigo 52 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

7. Os menores internados por sentenza firme en réxime pechado, unha vez cumprido o primeiro terzo do período de internamento, cando a boa evolución persoal durante a execución da medida o xustifique e isto favoreza o proceso de reinserción social, e cumpran os requisitos establecidos no número 4, poderán desfrutar de ata 12 días de permiso ao ano, cunha duración máxima de ata catro días, cando o xuíz de menores competente o autorice.

Artigo 46. *Saídas de fin de semana.*

1. Poderán desfrutar de saídas de fin de semana os menores internados por sentenza firme en réxime aberto e semiaberto, sempre que concorran os requisitos establecidos neste artigo e no número 4 do artigo anterior.

2. Como norma xeral, as saídas de fin de semana desfrutaranse desde as 16.00 horas do venres ata as 20.00 horas do domingo. Se o venres ou o luns é festivo, a duración da saída de fin de semana poderase incrementar 24 horas máis.

3. Os menores internados en réxime aberto poderán desfrutar de saídas todas as fins de semana, salvo que a evolución no tratamento aconselle outra frecuencia de saídas e iso se lle comunicase motivadamente ao fiscal e ao xuíz de menores competente. Como regra xeral, os internados en réxime semiaberto poderán desfrutar dunha saída ao mes ata cumprir o primeiro terzo do período de internamento e de dúas saídas ao mes durante o resto, salvo que a evolución do menor aconselle outra cosa.

4. A autorización para a saída compételle ao director do centro ou ao órgano que a entidade pública establece na súa normativa.

5. Nestas saídas poderase establecer que persoal do centro ou outras persoas autorizadas pola entidade pública acompañen o menor, cando as circunstancias así o aconsellen.

6. Da autorización das saídas de fin de semana e da súa periodicidade daráselle conta ao xuíz de menores competente. Así mesmo, daráselle conta do acordo de denegar ou suspender o permiso ou o dereito á súa concesión.

7. Os menores internados por sentenza firme en réxime pechado, unha vez cumprido o primeiro terzo do período de internamento, cando a boa evolución persoal durante a execución da medida o xustifique e isto favoreza o proceso de reinserción social, poderán desfrutar dunha saída de fin de semana ao mes, sempre que cumpran os requisitos deste artigo e o xuíz de menores competente o autorice.

Artigo 47. *Permisos extraordinarios.*

1. En caso de falecemento ou enfermidade grave dos pais, cónxuxe, fillos, irmáns ou outras persoas intimamente vinculadas cos menores ou de nacemento dun fillo, así como por importantes e comprobados motivos

de análoga natureza, concederanse, coas medidas de seguridade adecuadas se é o caso, permisos de saída extraordinarios, salvo que concorran circunstancias excepcionais que o impidan.

2. A duración de cada permiso extraordinario virá determinada pola súa finalidade e non poderá exceder catro días.

3. A concesión do permiso compételle ao director do centro ou ao órgano que a entidade pública establece na súa normativa.

4. Da concesión de permisos extraordinarios daráselle conta ao xuíz de menores competente. Cando se trate de menores internados en réxime pechado, será necesaria a súa autorización expresa.

Artigo 48. *Saídas programadas.*

1. Son saídas programadas aquelas que, sen seren propias do réxime de internamento aberto ou semiaberto, nin constituíren permisos nin saídas de fin de semana, organiza o centro para o desenvolvemento do programa individualizado de execución da medida.

2. Poderán desfrutar de saídas programadas os menores internados en réxime aberto e semiaberto cando formen parte do programa individualizado de execución da medida.

3. As saídas programadas levaranse a cabo preferentemente durante as fins de semana e festivos. Tamén se poderán programar en días laborables sempre que sexan compatibles cos horarios de actividades do menor.

4. Como regra xeral, a súa duración será inferior a 48 horas, sen prexuízo de que se poida autorizar outra cosa con carácter excepcional.

5. Os requisitos de concesión e o órgano competente para autorizar a saída serán os establecidos no artigo 45.

6. Os menores internados por sentenza firme en réxime pechado, unha vez cumprido o primeiro terzo do período de internamento, cando a boa evolución persoal durante a execución da medida o xustifique e isto favoreza o proceso de integración social, poderán desfrutar de saídas programadas de acordo co establecido neste artigo, cando o xuíz de menores competente o autorice.

Artigo 49. *Saídas e permisos de menores sometidos a medida cautelar de internamento.*

A autorización de calquera permiso ou saída aos menores sometidos a medida cautelar de internamento someterase ao mesmo réxime que o previsto cando se impoña por sentenza.

Artigo 50. *Saídas e permisos de menores en internamento terapéutico.*

1. As saídas, permisos e comunicacións co exterior dos menores sometidos a internamento terapéutico serán autorizados, no marco do programa individual de tratamento, polo xuíz de menores nos termos previstos no artigo 44 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

2. As saídas, permisos e comunicacións co exterior poderán ser deixadas sen efecto polo xuíz de menores, conforme prevé o artigo 44 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, en calquera momento, se o menor incumpre as condicións.

Artigo 51. *Domicilio durante as saídas e permisos.*

1. Os menores de idade deberán estar baixo a responsabilidade dos seus pais ou representantes legais ou das persoas que estes autoricen durante as saídas e per-

misos que se fagan na súa compañía, designando un domicilio para efectos de comunicacións.

2. Cando o menor estea baixo a tutela da entidade pública de protección de menores, será competencia da dita entidade determinar as persoas ou institucións coas cales estará o menor durante os permisos e saídas autorizadas, designándose igualmente un domicilio.

3. Se os pais ou representantes legais do menor non estivesen localizables, se negasen a acollelos durante as saídas e permisos, ou se o menor se negase a estar na súa compañía ou na das persoas que aqueles determinen, o xuíz de menores competente poderá autorizar o permiso ou a saída con outras persoas ou institucións conforme prevé o artigo 44 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

4. Os menores que desfruten de saídas ou permisos indicarán un domicilio para efectos de poderen ser localizados en caso necesario.

Artigo 52. *Suspensión e revogación de permisos e saídas.*

1. Cando antes de se iniciar o desfrute dun permiso ordinario, dun permiso extraordinario ou das saídas a que fan referencia os artigos 45, 46, 47 e 48 se produzan feitos que modifiquen as circunstancias que propiciaron a súa concesión, a entidade pública poderá suspendelos motivadamente. Se o permiso ou a saída fosen autorizados polo xuíz de menores, a suspensión terá carácter provisional e porase inmediatamente en coñecemento do xuíz para que resolva o que proceda.

2. O permiso ou a saída quedarán sen efecto desde o momento en que o menor se vexa imputado nun novo feito constitutivo de infracción penal.

Artigo 53. *Traballo.*

1. Os menores internos que teñan a idade laboral legalmente establecida teñen dereito a un traballo remunerado, dentro das dispoñibilidades da entidade pública, e ás prestacións sociais que legalmente lles correspondan.

2. Para estes efectos, a entidade pública levará a cabo as actuacións necesarias para facilitar que estes menores desenvolvan actividades laborais remuneradas de carácter produtivo, dentro ou fóra dos centros, en función do réxime ou tipo de internamento.

3. A relación laboral dos internos que se desenvolva fóra dos centros e estea sometida a un sistema de contratación ordinaria con empresarios será regulada pola lexislación laboral común, sen prexuízo da supervisión que no desenvolvemento destes contratos poida realizar a entidade pública competente sobre a súa adecuación co programa de execución da medida.

4. O traballo produtivo que se desenvolva nos centros específicos para menores infractores será dirixido pola entidade pública correspondente, directamente ou a través de persoas físicas ou xurídicas coas cales se establezan concertos, e seralles de aplicación a normativa reguladora da relación laboral especial penitenciaria e da protección de Seguridade Social establecida na lexislación vixente para este colectivo, coas seguintes especialidades:

a) Terá a consideración de empregador a entidade pública correspondente ou a persoa física ou xurídica con que teña establecido o oportuno concerto, sen prexuízo da responsabilidade solidaria da entidade pública, respecto dos incumprimentos en materia salarial e de seguridade social.

b) Aos traballadores menores de 18 anos aplicarán-selles as normas seguintes:

1. Non poderán realizar traballos nocturnos, nin aquelas actividades ou postos de traballo prohibidos aos menores.

2. Non poderán realizar horas extraordinarias.

3. Non poderán realizar máis de oito horas diarias de traballo efectivo, incluíndo, se é o caso, o tempo dedicado á formación e, se traballasen para varios empregadores, as horas realizadas para cada un deles.

4. Sempre que a duración da xornada diaria continuada exceda catro horas e media, deberase establecer un período de descanso durante a dita xornada non inferior a 30 minutos.

5. A duración do descanso semanal será como mínimo de dous días ininterrompidos.

6. Se é o caso, poderanse establecer regulamentariamente outras especialidades que se consideren necesarias en relación coa normativa existente para os penados.

5. En todo caso, o traballo que realicen os internos terá como finalidade esencial a súa inserción laboral, así como a súa incorporación ao mercado de traballo. Para estes efectos, a práctica laboral complementarase con cursos de formación profesional ocupacional ou outros programas que melloren a súa competencia e capacidade laboral e favorezan a súa futura inserción laboral.

Artigo 54. *Vixilancia e seguridade.*

1. As funcións de vixilancia e seguridade interior dos centros corresponde aos seus traballadores, de acordo cos cometidos propios de cada un e a distribución de servizos que o director do centro ou a entidade pública acordase no seu interior.

2. As actuacións encamiñadas a garantir a seguridade interior dos centros consistirán na observación dos menores internados. Tamén poderán supor, na forma e coa periodicidade establecida neste artigo, inspeccións de locais e dependencias, así como rexistros de persoas, roupas e utensilios dos menores internados.

3. Naquelas dependencias que a criterio do centro o requiran, poderanse utilizar medios electrónicos para a detección de presenza de metais ou para o exame do contido de paquetes ou obxectos.

4. As inspeccións das dependencias e locais do centro faranse coa periodicidade que a entidade pública ou o director do centro estableza.

5. O rexistro da persoa, roupa e utensilios do menor axustarase ás seguintes normas:

a) A súa utilización rexerese polos principios de necesidade e proporcionalidade e levaranse sempre a cabo co respecto debido á dignidade e aos dereitos fundamentais da persoa. Ante a opción de utilizar medios de igual eficacia, daráselles preferencia aos de carácter electrónico.

b) Os rexistros das roupas e utensilios persoais do menor practícaranse, normalmente, na súa presenza.

c) O rexistro da persoa do menor levarase a cabo por persoal do mesmo sexo, en lugar pechado sen a presenza doutros menores e preservando, en todo o posible, a intimidade.

d) Soamente por motivos de seguridade concretos e específicos, cando existan razóns individuais e contrastadas que fagan pensar que o menor oculta no seu corpo algún obxecto perigoso ou substancia susceptible de causar dano á saúde ou á integridade física das persoas ou de alterar a seguridade ou convivencia ordenada do centro, e cando non sexa posible a utilización de medios electrónicos, se poderá realizar o rexistro con nu integral, con autorización do director do centro, logo de notificación urxente ao xuíz de menores de garda e ao fiscal de garda, con explicación das razóns que aconsellan ese cacheo. En todo caso, será de aplicación o disposto nas aíneas a) e c) anteriores.

Unha vez efectuado, se é o caso, o cacheo, daráselles conta ao xuíz de menores e ao Ministerio Fiscal da súa realización e do resultado obtido.

e) Se o resultado do rexistro con nu integral fose infrutuoso e persistise a sospeita, o director do centro poderalle solicitar á autoridade xudicial competente a autorización para a aplicación doutros medios de control adecuados.

6. Dos rexistros establecidos no número anterior formularase informe escrito, que deberá especificar os rexistros con nu integral efectuados e os demais extremos previstos na alínea d). O informe deberá estar asinado polos profesionais do centro que practicasen os rexistros e dirixirse ao director do centro e ao xuíz de menores.

7. Interviranse o diñeiro ou obxectos de valor non autorizados, así como os obxectos non permitidos e os que se entendan perigosos para a seguridade ou convivencia ordenada ou de ilícita procedencia. Cando se trate de diñeiro ou obxectos de valor aplicarase o disposto no artigo 30.2.d).

8. A entidade pública poderá autorizar, naqueles centros onde a necesidade de seguridade así o requira, o servizo de persoal especializado, en funcións de vixilancia e de apoio ás actuacións dos traballadores do centro previstas nos números anteriores deste artigo. Este persoal dependerá funcionalmente do director do centro e non poderá portar nin utilizar dentro do centro outros medios que os recollidos no artigo 55.2.

9. Cando exista risco inminente de graves alteracións da orde con perigo para a vida ou a integridade física das persoas ou para as instalacións, a entidade pública ou o director do centro poderá solicitar a intervención das forzas e corpos de seguridade competentes en cada territorio.

Artigo 55. *Medios de contención.*

1. Soamente se poderán utilizar os medios de contención descritos no número 2 deste artigo polos motivos seguintes:

- a) Para evitar actos de violencia ou lesións dos menores a si mesmos ou a outras persoas.
- b) Para impedir actos de fuga.
- c) Para impedir danos nas instalacións do centro.
- d) Ante a resistencia activa ou pasiva ás instrucións do persoal do centro no exercicio lexítimo do seu cargo.

2. Os medios de contención que se poderán empregar serán:

- a) A contención física persoal.
- b) As defensas de goma.
- c) A suxeición mecánica.
- d) Illamento provisional.

3. O uso dos medios de contención será proporcional ao fin pretendido, nunca suporá unha sanción encuberta e só se aplicarán cando non exista outra maneira menos gravosa para conseguir a finalidade perseguida e polo tempo estritamente necesario.

4. Os medios de contención non se poderán aplicar ás menores xestantes, ás menores ata seis meses despois da terminación do embarazo, ás nais lactantes, ás que teñan fillos consigo nin aos menores enfermos convalescentes de enfermidade grave, salvo que da actuación daqueles puidese derivar un inminente perigo para a súa integridade ou para a doutras persoas.

5. Cando se aplique a medida de illamento provisional deberase cumprir nun cuarto que reúna medidas que procuren evitar que o menor atente contra a súa integridade física ou a dos demais. O menor será visitado durante o período de illamento provisional polo médico ou polo persoal especializado que precise.

6. A utilización dos medios de contención será previamente autorizada polo director do centro ou por quen a entidade pública establecece na súa normativa, salvo que razóns de urxencia non o permitan; en tal caso, porase no seu coñecemento inmediatamente. Así mesmo, comunicará inmediatamente ao xuíz de menores a adopción e cesamento de tales medios de contención, con expresión detallada dos feitos que desen lugar á súa utilización e das circunstancias que puidesen aconsellar o seu mantemento.

7. Os medios materiais de contención serán depositados no lugar ou lugares que o director ou quen a entidade pública establecece na súa normativa considere idóneos.

8. Nos casos de graves alteracións da orde con perigo inminente para a vida, para a integridade física das persoas ou para as instalacións, a entidade pública ou o director do centro poderán solicitar o auxilio das forzas e corpos de seguridade que en cada territorio teña atribuída a competencia, dando conta inmediata ao xulgado de menores e ao Ministerio Fiscal.

Artigo 56. *Informacións.*

1. Todos os menores internados teñen dereito a recibir da entidade pública, coa periodicidade adecuada e, en todo caso, sempre que o requiran, información persoal e actualizada dos seus dereitos e deberes, previstos nos artigos 56 e 57 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Esta información será explicada de forma que se garanta a súa comprensión, en atención á idade e ás circunstancias do menor.

2. Os representantes legais do menor internado serán informados pola dirección do centro ou polo órgano que a entidade pública designase sobre a situación e a evolución do menor, e sobre os dereitos que como representantes legais lles corresponden durante a situación de internamento.

Salvo prohibición xudicial expresa, esta información será facilitada cando a soliciten os representantes legais do menor ou o considere necesario a dirección do centro ou o órgano que a entidade pública establecece na súa normativa.

3. En caso de enfermidade, accidente ou calquera outra circunstancia grave que afecte o menor, a entidade pública ten que informar inmediatamente os seus representantes legais. Estas persoas tamén serán informadas dos ingresos no centro, dos traslados entre centros e dos ingresos en institucións hospitalarias, salvo que exista unha prohibición expresa do xuíz de menores competente.

4. O menor ten que ser informado sen dilación da defunción, accidente ou enfermidade grave dun parente próximo ou doutra persoa intimamente vinculada con el, e de calquera outra noticia importante comunicada pola familia.

Artigo 57. *Peticións, queixas e tramitación de recursos.*

1. Todos os menores internados e, se é o caso, os seus representantes legais poderán formular, verbalmente ou por escrito, en sobre aberto ou pechado, peticións e queixas á entidade pública ou ao director do centro, sobre cuestións referentes á súa situación de internamento, que serán atendidas cando correspondan ao ámbito propio das súas competencias. En caso contrario, o director do centro ou a entidade pública farán chegar as presentadas, no prazo máis breve posible, á autoridade ou organismo competente.

2. O menor poderá dirixir a petición ou queixa por escrito, en sobre aberto ou pechado, ás autoridades xudiciais, ao Ministerio Fiscal e ao Defensor do Pobo ou institución análoga da súa comunidade autónoma. Os que se lles entreguen directamente ao director do centro ou á

entidade pública faránselles chegar aos seus destinatarios no prazo máis breve posible.

3. As peticións e queixas que presenten os menores a través do centro ou da entidade pública serán rexistradas. A tramitación que se lle dese e, se é o caso, a resolución adoptada comunicaráse ao menor, con indicación dos recursos que procedan.

4. Os recursos que, de conformidade co disposto no artigo 52.1 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, interpoña o menor contra calquera resolución ditada para a execución das medidas, que fosen presentados polo menor ou polo seu letrado de forma escrita ao director do centro, poranse en coñecemento do xuíz de menores competente dentro do seguinte día hábil. Se o menor lle manifestase ao director do centro, de forma verbal, a súa intención de recorrer contra a resolución ditada, o director daralle traslado desta manifestación ao xuíz de menores, dentro do prazo indicado anteriormente, e, se é o caso, dará cumprimento ás medidas que adopte o xuíz para oír a alegación do menor.

Artigo 58. *Inspección de centros.*

1. Sen prexuízo das funcións de inspección que lles correspondan aos xuíces de menores, ao Ministerio Fiscal e ao Defensor do Pobo ou institución análoga da comunidade autónoma, a entidade pública, cos medios persoais e materiais e os procedementos que articule para esta finalidade, exercerá as funcións de inspección para garantir que a actuación dos centros propios e colaboradores e a dos seus profesionais se leva a cabo con respecto aos dereitos e garantías dos menores internados.

2. Os menores poderán solicitar a comunicación co órgano de inspección correspondente, de conformidade co establecido no artigo 41, sen prexuízo das comunicacións que este órgano realice co menor no exercicio das súas funcións.

3. Os feitos descubertos no exercicio das súas funcións polo órgano de inspección, que supoñan unha vulneración dos dereitos dos menores, poranse en coñecemento da entidade pública, do xuíz de menores competente e do Ministerio Fiscal.

CAPÍTULO IV

Do réxime disciplinario dos centros

Artigo 59. *Fundamento e ámbito de aplicación.*

1. O réxime disciplinario dos centros terá como finalidade contribuír á seguridade e convivencia ordenada nestes e estimular o sentido da responsabilidade e a capacidade de autocontrol dos menores internados.

2. O réxime disciplinario aplicaráselles a todos os menores que cumpran medidas de internamento en réxime pechado, aberto ou semiaberto, e terapéuticos, sen prexuízo do disposto no número seguinte, ben en centros propios ou colaboradores, tanto dentro do centro como durante os traslados, conducións ou saídas autorizadas que aqueles realicen.

3. O réxime disciplinario previsto neste capítulo non será aplicable a aqueles menores a que se impuxese unha medida de internamento terapéutico como consecuencia dunha anomalía ou alteración psíquica ou dunha alteración na percepción que lles impida comprender a ilicitude dos feitos ou actuar conforme aquela comprensión, mentres se manteñan en tal estado.

Artigo 60. *Principios da potestade disciplinaria.*

1. O exercicio da potestade disciplinaria nos centros propios e colaboradores, regulada neste regulamento, corresponderá a quen a teña expresamente atribuída pola entidade pública. En defecto desta atribución, o exercicio

da potestade disciplinaria corresponderalle ao director do centro.

2. Non se poderán atribuír ao mesmo órgano as fases de instrución e resolución do procedemento.

3. A potestade disciplinaria terá que exercerse sempre respectando a dignidade do menor. Ningunha sanción poderá implicar, de maneira directa ou indirecta, castigos corporais, nin privación dos dereitos de alimentación, ensino obrigatorio e comunicacións e visitas previstos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, e neste regulamento.

4. As sancións impostas poderán ser reducidas, deixadas sen efecto na súa totalidade, suspendidas ou adiadas na súa execución, nos termos establecidos neste regulamento.

5. A conciliación coa persoa ofendida, a restitución dos bens, a reparación dos danos e a realización de actividades en beneficio da colectividade do centro, voluntariamente asumidos polo menor, poderán ser valoradas polo órgano competente para o sobreseimento do procedemento disciplinario ou para deixar sen efecto as sancións disciplinarias impostas.

6. Aqueles feitos que puidesen ser constitutivos de infracción penal poderán ser tamén sancionados disciplinariamente cando o fundamento desta sanción, que ten que ser distinto do da penal, sexa a seguridade e a boa orde do centro. Nestes casos, os feitos serán postos en coñecemento do Ministerio Fiscal e da autoridade xudicial competente, sen prexuízo de que continúe a tramitación do expediente disciplinario ata a súa resolución e imposición da sanción se procedese.

Artigo 61. *Clasificación das faltas disciplinarias.*

As faltas disciplinarias clasifícanse en moi graves, graves e leves, atendendo á violencia desenvolvida polo suxeito, a súa intencionalidade, a importancia do resultado e o número de persoas ofendidas.

Artigo 62. *Faltas moi graves.*

Son faltas moi graves:

- a) Agredir, ameazar ou coaccionar de forma grave calquera persoa dentro do centro.
- b) Agredir, ameazar ou coaccionar de forma grave, fóra do centro, outro menor internado ou persoal do centro ou autoridade ou axente da autoridade, cando o menor saíse durante o internamento.
- c) Instigar ou participar en motíns, plantes ou desordes colectivos.
- e) Intentar ou consumir a evasión do interior do centro ou cooperar con outros internos na súa produción.
- f) Resistirse activa e gravemente ao cumprimento de ordes recibidas do persoal do centro no exercicio lexítimo das súas atribucións.
- g) Introducir, posuír ou consumir no centro drogas tóxicas, substancias psicotrópicas ou estupefacientes ou bebidas alcohólicas.
- h) Introducir ou posuír no centro armas ou obxectos prohibidos polo seu perigo para as persoas.
- i) Inutilizar deliberadamente as dependencias, materiais ou efectos do centro ou as pertenzas doutras persoas, causando danos e perdas superiores a 300 euros.
- j) Subtraer materiais ou efectos do centro ou pertenzas doutras persoas.

Artigo 63. *Faltas graves.*

Son faltas graves:

- a) Agredir, ameazar ou coaccionar de maneira leve calquera persoa dentro do centro.

b) Agredir, ameazar ou coaccionar de maneira leve, fóra do centro, outro menor internado, ou persoal do centro ou autoridade ou axente da autoridade, cando o menor saíse durante o internamento.

c) Insultar ou faltar gravemente ao respecto a calquera persoa dentro do centro.

d) Insultar ou faltar gravemente ao respecto, fóra do centro, a outro menor internado, ou a persoal do centro ou autoridade ou axente da autoridade, cando o menor saíse durante o internamento.

e) Non retornar ao centro, sen causa xustificada, o día e a hora establecidos, despois dunha saída temporal autorizada.

f) Desobedecer as ordes e instrucións recibidas do persoal do centro no exercicio lexítimo das súas funcións, ou resistirse pasivamente a cumprilas.

g) Inutilizar deliberadamente as dependencias, os materiais ou os utensilios do centro, ou as pertenzas doutras persoas, causando danos e perdas inferiores a 300 euros.

h) Causar danos de contía elevada por negligencia grave na utilización das dependencias, materiais ou efectos do centro, ou as pertenzas doutras persoas.

i) Introducir ou posuír no centro obxectos ou substancias que estean prohibidos pola normativa de funcionamento interno distintos dos recollidas nas alíneas g) e h) do artigo anterior.

j) Facer saír do centro obxectos cuxa saída non estea autorizada.

k) Consumir no centro substancias que estean prohibidas polas normas de funcionamento interno, distintas das previstas na alínea g) do artigo anterior.

l) Autolesionarse como medida reivindicativa ou simular lesións ou enfermidades para evitar a realización de actividades obrigatorias.

m) Incumprir as condicións e medidas de control establecidas nas saídas autorizadas.

Artigo 64. *Faltas leves.*

Son faltas leves:

a) Faltar levemente ao respecto a calquera persoa dentro do centro.

b) Faltar levemente ao respecto, fóra do centro, a outro menor internado, ou a persoal do centro ou autoridade ou axente da autoridade, cando o menor saíse durante o internamento.

c) Facer un uso abusivo e prexudicial no centro de obxectos e substancias non prohibidas polas normas de funcionamento interno.

d) Causar danos e perdas de contía elevada ás dependencias materiais ou efectos do centro ou nas pertenzas doutras persoas, por falta de coidado ou de dilixencia na súa utilización.

e) Alterar a orde promovendo altercados ou rifas con compañeiros de internamento.

f) Calquera outra acción ou omisión que implique incumprimento das normas de funcionamento do centro e non teña consideración de falta grave ou moi grave.

Artigo 65. *Sancións disciplinarias.*

1. As únicas sancións disciplinarias que se lles poden impor aos menores serán algunha das especificadas nos números seguintes deste artigo.

2. Pola comisión de faltas moi graves:

a) A separación do grupo por tempo de tres a sete días en casos de evidente agresividade, violencia e alteración grave da convivencia.

b) A separación do grupo por tempo de tres a cinco fins de semana.

c) A privación de saídas de fin de semana de 15 días a un mes.

d) A privación de saídas de carácter recreativo por un tempo de un a dous meses.

3. Pola comisión de faltas graves:

a) A separación do grupo ata dous días como máximo.

b) A separación do grupo por un tempo de unha a dúas fins de semana.

c) A privación de saídas de fin de semana de un a 15 días.

d) A privación de saídas de carácter recreativo por un tempo máximo dun mes.

e) A privación de participar nas actividades recreativas do centro por un tempo de sete a 15 días.

4. Pola comisión de faltas leves:

a) A privación de participar en todas ou nalgunhas das actividades recreativas do centro por un tempo de un a seis días.

b) A amoestación.

5. Aos menores que cumpran no centro medidas de permanencia de fin de semana imporánselles as sancións correspondentes á natureza da infracción cometida adaptando a súa duración á natureza e duración da medida indicada.

Artigo 66. *Sanción de separación.*

1. A sanción de separación pola comisión de faltas moi graves ou faltas graves soamente se poderá impor nos casos en que se manifeste unha evidente agresividade ou violencia por parte do menor, ou cando este, reiterada e gravemente, altere a normal convivencia no centro.

2. A sanción de separación cumprírase no propio cuarto do menor ou noutro de análogas características durante o horario de actividades do centro.

3. Durante o cumprimento da sanción de separación, o menor disporá de dúas horas ao aire libre e deberá asistir, se é o caso, ao ensino obrigatorio e poderá recibir as visitas previstas nos artigos 40 e 41. Durante o horario xeral de actividades programaranse actividades individuais alternativas que se poderán realizar dentro do cuarto.

4. Diariamente visitará o menor o médico ou o psicólogo, que informarán o director do centro sobre o estado de saúde física e mental do menor, así como sobre a conveniencia de suspender, modificar ou deixar sen efecto a sanción imposta.

5. Non obstante o anterior, a sanción de separación de grupo non se aplicará ás menores embarazadas, ás menores ata que transcorresen seis meses desde a finalización do embarazo, ás nais lactantes e ás que teñan fillos na súa compañía. Tampouco se lles aplicará aos menores enfermos e deixarase sen efecto no momento en que se aprecie que esta sanción afecta a súa saúde física ou mental.

Artigo 67. *Graduación das sancións*

1. A determinación das sancións e a súa duración levarase a cabo de acordo co principio da proporcionalidade, atendendo ás circunstancias do menor, á natureza dos feitos, á violencia ou agresividade mostrada na comisión dos feitos, á intencionalidade, á perturbación producida na convivencia do centro, á gravidade dos danos e perdas ocasionados, ao grao de execución e de participación e á reincidencia noutras faltas disciplinarias.

2. Atendendo á escasa relevancia da falta disciplinaria, á evolución do interno no cumprimento da medida, ao recoñecemento polo menor da comisión da infracción e á incidencia da intervención educativa realizada para expresarlle o reproche merecido pola súa conduta infractora, poderáselle impor ao autor dunha falta disciplinaria

moi grave unha sanción establecida para faltas disciplina-
rias graves e ao autor dunha falta disciplinaria grave unha
sanción prevista para as faltas disciplina-
rias leves.

**Artigo 68. Concurso de infraccións e normas para o
cumprimento das sancións.**

1. Ao responsable de dúas ou máis faltas xulgadas
no mesmo expediente imporánselle as sancións corres-
pondentes a cada unha das faltas. Tamén se lle poderá
impor unha única sanción por todas as faltas cometidas,
tomando como referencia a máis grave das xulgadas. No
caso de que se impoñan varias sancións, cumpriranse
simultaneamente, se for posible. Se non o for, cumpra-
ranse sucesivamente por orde de gravidade e duración,
sen que poidan exceder en duración do dobre de tempo
polo que se impoña a máis grave.

2. Non obstante o disposto no número anterior, en
ningún caso o cumprimento sucesivo de diversas sancións
impostas no mesmo ou en diferentes procedemen-
tos disciplina-
rios suporá para o menor estar consecutiva-
mente:

- a) Máis de sete días ou máis de cinco fins de sema-
nas en situación de separación de grupo.
- b) Máis dun mes privado de saídas de fin de
semana.
- c) Máis de dous meses privado de saídas programa-
das de carácter recreativo.
- d) Máis de 15 días privado de todas as actividades
recreativas do centro.

Artigo 69. Pluralidade de faltas e infracción continuada.

1. Cando un mesmo feito sexa constitutivo de dúas
ou máis faltas ou cando unha destas sexa medio necesari-
o para a comisión doutra, imporánselle ao menor unha
soa sanción tendo en conta a máis grave das faltas come-
tidas.

2. Cando se trate dunha infracción continuada,
imporánselle ao menor unha soa sanción tendo en conta a
máis grave das faltas cometidas.

Artigo 70. Necesidade de procedementos sancionados.

Para a imposición de sancións por faltas graves e moi
graves será preceptiva a observancia do procedemento
regulado nos artigos 71 a 78, e para as sancións impostas
por faltas leves poderase seguir o procedemento abrevi-
ado previsto no artigo 79.

Artigo 71. Procedemento ordinario: inicio.

1. Cando o órgano competente para a iniciación do
procedemento disciplinario aprecie nos menores interna-
dos indicios de condutas que poden dar lugar a responsa-
bilidade disciplinaria, acordará a iniciación do procede-
mento dalgunha das seguintes formas:

- a) Por propia iniciativa.
- b) Como consecuencia de orde emitida por un
órgano administrativo superior xerárquico.
- c) Por petición razoada doutro órgano administra-
tivo que non sexa superior xerárquico.
- d) Por denuncia de persoa identificada.

2. O órgano competente para a iniciación designará
o instrutor que considere conveniente, excluindo ás per-
soas que puidesen estar relacionadas cos feitos.

3. Para o debido esclarecemento dos feitos que pui-
desen ser determinantes de responsabilidade disciplinaria, o
órgano competente poderá acordar a apertura dunha infor-
mación previa, que será practicada polo órgano administra-
tivo ou pola persoa que aquel determine.

Artigo 72. Instrución e prego de cargos.

1. O instrutor, á vista dos indicios de responsabili-
dade que existan, formulará prego de cargos dirixido ao
menor, nunha linguaxe clara, e no prazo máximo de 48
horas desde a súa designación, o cal se incorporará, se é
caso, ao expediente, co contido seguinte:

- a) A identificación da persoa responsable.
- b) A relación detallada dos feitos imputados.
- c) A cualificación da falta ou faltas en que puido
incorrer.
- d) As posibles sancións aplicables.
- e) O órgano competente para a resolución do expe-
diente de acordo co previsto na norma autonómica
correspondente ou, se é o caso, na Lei orgánica 5/2000,
do 12 de xaneiro, ou neste regulamento.
- f) A identificación do instrutor.
- g) As medidas cautelares que se acordasen.
- h) Os posibles danos e perdas ocasionados.

2. O prego de cargos notificaráselle ao menor infractor
o mesmo día da súa redacción, mediante a súa lectura ínte-
gra e con entrega da correspondente copia con indicación:

- a) Do dereito do menor a formular alegacións e pro-
por as probas que considere oportunas en defensa dos
seus intereses, verbalmente ante o instrutor no mesmo
acto de notificación, ou por escrito no prazo máximo de
24 horas. Se formula alegacións verbalmente, levantarase
acta destas, que deberá asinar o menor.
- b) Da posibilidade de que un letrado o asesore na
redacción do prego de descargos e ser asistido por persoal
do centro ou por calquera outra persoa do propio centro.
- c) Ao menor estranxeiro que descoñeza o castelán ou a
lingua cooficial da comunidade autónoma, a posibilidade de
ser asistido por unha persoa que fale o seu idioma.

3. O instrutor admitirá verbalmente as probas pro-
postas polo menor ou rexeitará motivadamente por
escrito as que fosen improcedentes, por non poder alterar
a resolución final do procedemento ou por ser de imposi-
ble realización.

Artigo 73. Tramitación.

1. Notificado o prego de cargos, o instrutor realizará
cantas actuacións resulten necesarias para o exame dos
feitos e solicitará os datos e informes que considere neces-
arios.

2. Dentro das 24 horas seguintes á presentación do
prego de descargos ou á formulación verbal de alega-
cións, ou transcorrido este prazo se o menor non exer-
cese o seu dereito, o menor será oído e practícaranse as
probas propostas e as que o instrutor considere conve-
nientes.

3. Se o menor recoñece voluntariamente a súa res-
ponsabilidade, o instrutor elevará o expediente ao órgano
competente, para que emita resolución, sen prexuízo de
continuar o procedemento se hai indicios racionais de
engano ou encubrimiento doutras persoas.

4. Unha vez finalizado o trámite de alegacións e da
práctica da proba, o instrutor, inmediatamente e en todo
caso no prazo de 24 horas, formulará a proposta de reso-
lución, que lle notificará ao interno con indicación dos
feitos imputados, a falta cometida e a sanción que se
deba impor, para que no termo de 24 horas poida formu-
lar as alegacións que considere procedentes. Unha vez
completado este trámite, o instrutor elevará o expe-
diente ao órgano competente para que dite a resolución
correspondente.

Artigo 74. Resolución.

O órgano competente, no mesmo día ou como
máximo no prazo de 24 horas, terá que resolver motiva-

damente sobre o sobresemento do expediente, a imposición da sanción disciplinaria correspondente ou a práctica de novas actuacións por parte do instrutor. Neste último caso, aplicarase o disposto nos artigos anteriores.

Artigo 75. *Acordo sancionador.*

1. O acordo sancionador formularase por escrito e deberá conter as seguintes mencións:

- a) O lugar e a data do acordo.
- b) O órgano que o adopta
- c) O número do expediente disciplinario e un breve resumo dos actos procedementais básicos que o preceden. No suposto de se ter desestimado a práctica dalgunha proba, deberá expresarse a motivación formulada polo instrutor no seu momento.
- d) Relación circunstanciada dos feitos imputados ao menor, que non poderán ser distintos dos consignados no prego de cargos formulado polo instrutor, con independencia de que poida variar a súa cualificación xurídica.
- e) Artigo e número deste regulamento no cal se considera comprendida a falta cometida.
- f) Sanción imposta e artigo e número deste regulamento que a recolle.
- g) Indicación do recurso que pode interpor.
- h) A sinatura do titular do órgano competente.

2. A resolución será executiva cando poña fin á vía administrativa.

Na resolución adoptaranse, se é o caso, as disposicións cautelares precisas para garantir a súa eficacia mentres non sexa executiva.

3. A iniciación do procedemento e as sancións impostas anotarase no expediente persoal do menor sancionado. Tamén se anotará a redución ou revogación da sanción, así como a suspensión da súa efectividade.

Artigo 76. *Notificación da resolución*

1. A notificación ao menor do acordo sancionador deberase facer o mesmo día ou no prazo máximo de 24 horas de ser adoptado, dando lectura íntegra daquel e entregándolle unha copia.

2. Así mesmo, notificaráselle en igual prazo ao Ministerio Fiscal e, se é o caso, ao letrado do menor.

Artigo 77. *Caducidade.*

Transcorrido o prazo máximo dun mes desde a iniciación do procedemento disciplinario sen que a resolución se lle notificase ao menor expedientado, entenderase caducado o procedemento disciplinario e procederase ao arquivo das actuacións, sempre que a demora non fose imputable ao interesado.

Artigo 78. *Recursos.*

Contra as resolucións sancionadoras poderá recorrer, antes do inicio do cumprimento, perante o xuíz de menores, verbalmente no mesmo acto da notificación ou por escrito dentro do prazo de 24 horas, propio interesado ou o seu letrado, actuándose de conformidade co artigo 60.7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Artigo 79. *Procedemento abreviado.*

Cando o órgano competente para iniciar o procedemento considere que existen elementos de xuízo suficientes para cualificar a infracción do menor como falta leve,

tramitarase o procedemento abreviado, de acordo coas seguintes normas:

a) O informe do persoal do centro operará como prego de cargos que se lle notificará, verbalmente, ao presunto infractor, con indicación da sanción que lle pode corresponder.

b) O menor poderá facer as alegacións que estime pertinentes e propor as probas de que se intente valer, no mesmo acto da notificación ou por escrito 24 horas despois.

c) Transcorrido o prazo anterior, o órgano competente resolverá o que proceda. Se acorda impor unha sanción, notificaráselle ao menor e ao seu letrado por escrito.

d) En todo caso, este procedemento documentarase debidamente.

Artigo 80. *Medidas cautelares durante o procedemento.*

1. O órgano competente para iniciar o procedemento, por si mesmo ou por proposta do instrutor do expediente disciplinario, poderá acordar en calquera momento do procedemento, mediante acordo motivado, as medidas cautelares que resulten necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer e o bo fin do procedemento, así como para evitar a persistencia dos efectos da infracción e asegurar a integridade do expedientado e doutros posibles afectados. As únicas medidas cautelares que se poderán adoptar serán as previstas como sanción no artigo 65 para a presunta falta cometida.

2. Estas medidas quedarán reflectidas no expediente do menor e deberanse axustar á intensidade, proporcionalidade e necesidades dos obxectivos que se pretendan garantir en cada suposto concreto, e a súa adopción será notificada ao menor e posta inmediatamente en coñecemento do xuíz de menores e do Ministerio Fiscal. Se durante a tramitación do procedemento houber alteración das causas que motivaron a aplicación destas medidas cautelares, poderanse modificar as medidas adoptadas. No suposto de que desaparezan as causas que motivaron a aplicación das medidas, procederase a alzar a medida.

3. Cando a sanción que recaese, se é o caso, coincida en natureza coa medida cautelar imposta, esta aboarase para o cumprimento daquela. Se non coincidise, deberase compensar na parte que se estime razoable, sempre que sexa posible.

4. As medidas cautelares non poderán exceder do tempo máximo que corresponda á sanción prevista, en función da gravidade da falta, no artigo 65.

Artigo 81. *Execución e cumprimento das sancións.*

Os acordos sancionadores non se farán efectivos mentres non fose resolto o recurso interposto, ou, en caso de que non se interpuxese, ata que transcorrese o prazo para a súa impugnación, sen prexuízo das medidas cautelares previstas no artigo anterior.

Durante a substanciación do recurso, no prazo de dous días, a entidade pública executora da medida poderá adoptar as decisións precisas para restablecer a orde alterada de acordo co previsto no artigo 60.7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Artigo 82. *Redución, suspensión e anulación de sancións.*

1. O órgano competente poderá deixar sen efecto, reducir ou suspender a execución das sancións discipli-

narias en calquera momento da súa execución se o cumprimento da sanción se revela prexudicial na evolución educativa do menor.

2. As medidas anteriores non se poderán adoptar sen autorización do xuíz de menores cando este interviñese na súa imposición por vía de recurso.

Artigo 83. *Extinción automática de sancións.*

1. Cando un menor ingrese novamente nun centro para a execución doutra medida, extinguiranse automaticamente a sanción ou sancións que fosen impostas nun ingreso anterior e que quedasen incumpridas total ou parcialmente.

2. En caso de traslado de centro, o menor continuará o cumprimento das sancións impostas no centro anterior, sen prexuízo do disposto no anterior artigo.

Artigo 84. *Prescrición de faltas e sancións.*

1. As faltas disciplinarias moi graves prescriben ao ano; as graves, aos seis meses, e as leves, aos dous meses, contados desde a data da comisión da infracción.

2. A prescrición das faltas interrómpese a partir do momento en que, con coñecemento do menor, se inicia o procedemento disciplinario, volvéndose iniciar o cómputo da prescrición desde que se paralice o procedemento durante un mes por causa non imputable ao presunto infractor.

3. As sancións impostas por faltas moi graves, graves e leves prescriben, respectivamente, nos mesmos prazos sinalados no número 1. O prazo de prescrición empeza a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza o acordo sancionador ou desde que se levante o aprazamento da execución ou a suspensión da efectividade, ou desde que se interrompa o cumprimento da sanción se este xa comezou.

Artigo 85. *Incentivos.*

Os actos do menor que poñan de manifesto boa conduta, espírito de traballo e sentido da responsabilidade no comportamento persoal e colectivo, así como a participación positiva nas actividades derivadas do proxecto educativo, poderán ser incentivados pola entidade pública con calquera recompensa que non resulte incompatible coa lei e cos preceptos deste regulamento.

Disposición adicional única. *Actuacións policiais de vixilancia, custodia e traslado.*

1. As actuacións policiais de vixilancia, custodia e traslado de menores previstas neste regulamento serán realizadas polos corpos de policía autonómica ou, se é o caso, polas unidades adscritas do Corpo Nacional de Policía, nos seus ámbitos territoriais de actuación, de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro.

En caso de ausencia ou insuficiencia das anteriores, ou cando sexan varias as comunidades autónomas afectadas, serán realizadas polas forzas e corpos de seguridade do Estado.

2. Para os efectos do disposto no número anterior, o director do centro solicitará a intervención ao órgano competente da comunidade autónoma ou, se é o caso, ao delegado ou ao subdelegado do Goberno, con suficiente antelación para permitir a súa planificación.

En situacións de urxencia, cando non sexa posible actuar conforme o previsto no parágrafo anterior, o director do centro poderá solicitar directamente a intervención das forzas e corpos de seguridade competentes, dando conta diso inmediatamente ás autoridades antes mencionadas, con expresión das causas da urxencia.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

15616 *REAL DECRETO 1830/2004, do 27 de agosto, polo que se establece un novo prazo para a entrada en vigor de determinados artigos do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior.* («BOE» 210, do 31-8-2004.)

Polo Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, ditouse unha nova regulación das condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, en exercicio da competencia atribuída ao Goberno polo artigo 36 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Este real decreto, publicado no «Boletín Oficial del Estado» do 4 de marzo de 2004, debe entrar en vigor aos seis meses desa publicación. Non obstante, diversas circunstancias aconsellan adiar a entrada en vigor de dous aspectos recollidos na dita norma: o novo procedemento de homologación a graos académicos e o sistema de comités técnicos, como órganos informantes en substitución do Consello de Coordinación Universitaria.

En canto ao procedemento de homologación a graos académicos dos establecidos no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a conveniencia do seu adiamento vén determinada polo feito de que aínda non se desenvolveu este artigo mediante os oportunos reais decretos que regulen a estrutura das ensinanzas universitarias e os estudos universitarios de grao e posgrao. Non parece adecuado pór en funcionamento os mecanismos conducentes á homologación de grao con carácter xeral sen que previamente se definise e estruturase convenientemente esta figura coa dimensión que lle outorga a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, que introduce un concepto substancialmente distinto do que ata hoxe lle veu sendo asociado.

Polo que se refire aos comités técnicos, púxose de manifesto a imposibilidade de instaurar, con garantías de eficacia, o sistema previsto nos artigos 10 e 11 do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, para a data sinalada para a súa entrada en vigor, pola existencia de importantes dificultades materiais para regular o seu funcionamento, delimitar o seu número, establecer o seu procedemento de actuación, constituílo e transferir as necesarias dotacións orzadas, entre outros problemas. Esas dificultades, insalvables no período que queda ata a entrada en vigor do real decreto, darían lugar a un resultado contrario aos obxectivos de axilidade, simplificación e celeridade pretendidos pola norma.

Este real decreto foi sometido a informe do Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de agosto de 2004:

Artigo único. Adiamento do réxime de homologación a graos académicos e do funcionamento dos comités técnicos establecidos polo Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro.

Establécese un novo prazo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor deste real decreto, para a aplicación dos artigos do Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro, polo que se regulan as condicións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación superior, que se citan a continuación: